

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

PROGRAMACIÓN CURSO 2022-2023

IES RAMÓN CABANILLAS CAMBADOS

Membros do departamento:

**Tobías Betanzos Rego
Fernando Neira Piñeiro**

Índice

INTRODUCCIÓN.....	4
PRINCIPIOS PEDAGÓGICOS:.....	5
VALORES ÉTICOS.....	6
VALORES ÉTICOS DE 2º DE ESO.....	6
Introdución en contextualización.....	6
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	7
Concreción dos obxectivos para cada curso.....	12
Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	13
Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	20
Materias e recursos didácticos que se vaian utilizar.....	20
Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	20
Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	21
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	21
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	21
Medidas de atención á diversidade.....	22
Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.....	22
Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso.....	22
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	22
VALORES ÉTICOS DE 4º DE ESO.....	24
Introdución e contextualización.....	24
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	25
Concreción dos obxectivos para cada curso.....	30
Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	31
Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	38
Materias e recursos didácticos que se vaian utilizar.....	38
Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	38
Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	39
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	39
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	39
Medidas de atención á diversidade.....	39
Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.....	40
Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso.....	40
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	40
HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º BACHARELATO.....	41
Introdución e contextualización.....	41
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	42
Concreción dos obxectivos para cada curso.....	47

Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	47
Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	60
Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.....	60
Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	60
Indicadores de logro para avaliar o proceso e a práctica docente.....	61
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	61
Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.....	61
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	61
Medidas de atención á diversidade.....	62
Concreción dos elementos transversais que se traballarán.....	62
Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso.....	62
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	62
ANÁLISE CRÍTICA TEXTUAL E AUDIOVISUAL 2º BACHARELATO.....	63
Introdución e contextualización.....	63
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	63
Concreción dos obxectivos para cada curso.....	67
Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	68
Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	71
Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.....	72
Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	72
Indicadores de logro para avaliar o proceso e a práctica docente.....	72
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	72
Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.....	73
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	73
Medidas de atención á diversidade.....	73
Concreción dos elementos transversais que se traballarán.....	73
Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso.....	73
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	74

INTRODUCCIÓN

O IES Ramón Cabanillas está situado en Cambados, vila de case 14.000 habitantes situada na comarca do Salnés, na ría de Arousa. Nesta zona teñen especial relevancia os sectores pesqueiro e agrícola, e dentro deste, o sector vitivinícola, xa que Cambados é unha das vilas máis importantes na produción do viño Albariño.

O IES Ramón Cabanillas é o máis antigo de Cambados pois foi creado no ano 1971. No centro impártese na actualidade ESO, Bacharelato e o ciclo medio "Aceites de oliva e viños".

Neste curso 2022-23 o Departamento de Filosofía está composto por dous profesores que terán a seu cargo as seguintes asignaturas: Filosofía de 1º de bacharelato, Historia da filosofía de 2º de bacharelato, Valores Éticos en 2º e 4º da ESO, Cidadanía en 3º da ESO, Antropoloxía de 1º de bacharelato, Análise crítica de 2º de bacharelato. Un dos profesores do departamento impartirá ademais como materias aíns Línqua Galega e Educación Musical

O presente curso 2022-23 é a nivel normativo un curso de transición. Os cursos impares incorporanse ás previsións curriculares da LOMLOE. Os cursos pares permanecen coas previsións curriculares da lexislación anterior a LOMCE.

No presente documento so se incorporan as programacións didácticas correspondentes aos cursos pares que no eido curricular se rexerán pola LOMCE, 2º e 4º de ESO e 2º de Bacharelato.

As materias que integran esta programación son: Educación en Valores en 2º e 4º da ESO, Historia da Filosofía en 2º de Bach e Análise Crítico en 2º de Bach.

PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS:

Dentro da diversidade de obxectivos e contidos e niveis de dificultades que corresponden a cada unha das materias, fanes explícitos os principios que se tentou guiarán o traballo docente nas aulas

Nestes principios podemos identificar por unha parte elementos de carácter pedagóxico e por outra parte elementos que teñen que ver co traballo dos valores sociais e humanos que axudan na convivencia.

- *A significatividade:* As propostas didácticas de actividades e contidos procuraránse significativas aos alumnos e alumnas. Significativos no sentido de entendibles e alcanzables ao seu nivel de coñecementos e desenvolvemento. Significativos tamén no sentido de próximos aos seus intereses e motivacións.
- *Contacto directo con textos significativos:* Procurarase que toda proposta de reflexión de indagación sexa mediada por textos, entendidos estes no sentido amplo: textos de obras de autores e autoras de referencia, artigos e investigacións, novas en xornais e revistas e contidos audiovisuais.
- *Tratamento do principio de igualdade de xénero* dende varias perspectivas:
 - transmitir nas diversas materias que atender este principio é unha obriga de xustiza,
 - evidenciar as contradicións que reflicten as actitudes patriarcais e machistas nos textos, sexan estes clásicos ou actuais, sistemáticos ou de opinión...
 - visualizar e proxectar o pensamento da muller como protagonista, creadora e fonte de estudo
- Procuraránse fórmulas de avaliación que valoren o esforzo e o traballo persoal e que teñan en conta tamén o peso importante do traballo e esforzo realizado durante as sesións.

VALORES ÉTICOS

VALORES ÉTICOS DE 2º DE ESO

Introdución en contextualización

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escollo do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global. No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o nonestancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, nonviolencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación. Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a de Valores Éticos, tendo algún deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitado o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo

emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o desenvolvemento sustentable, o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade, ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes e en outros é a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta. O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente.

Son os seguintes:

"A dignidade da persoa",

"A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais",

"A reflexión ética",

"A xustiza e a política",

"Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último,

"Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía".

En segundo de ESO abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os/as grandes pensadores/as e filósofos/as da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central.

De novo aquí hai que sinalar que unha sesión semanal é moi pouco tempo para poder desenvolver o sinalado na programación.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A nomenclatura utilizada será a seguinte:

VE-Valores Éticos

R- Rúbrica (o número que acompaña a rúbrica indícanos de que rúbrica se trata)

CCL- Competencia comunicación lingüística

EE- Expresión escrita

EO- Expresión oral

CE- Comprensión escrita

CO- Comprensión oral

CAA- Competencia aprender a aprender

CSC- Competencia social e cidadá

CMCCT- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

CD- Competencia dixital

CSIEE- Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

CCEC- Competencia en conciencia e expresión cultural

2E- 2º ESO

As competencias en comunicación lingüística, aprender a aprender, social e cidadá avaliaranse mediante rúbricas. O grao mínimo que terá que acadar o alumnado para considerar que domina dita competencia será de seis puntos dos doce posibles.

2.2.1- PERFIL DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
VEB2.1.2	Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta

	tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.
VEB3.4.1	Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria

RÚBRICAS PARA AVIALAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

EXPRESIÓN ESCRITA

VE- R1- CLL- EE-2E				
ASPECTOS	0	1	2	3
Corrección formal	- presenta moitas faltas de ortografía e acentuación - presentación nin limpa, nin clara, nin ordenada - insuficiente para avaliar	- presenta bastantes faltas de ortografía e acentuación - presentación pouco limpa, clara e ordenada	- presenta algúns erros leves de ortografía e/ou acentuación - presentación bastante limpa, clara e ordenada	- non presenta faltas de ortografía nin de acentuación - presentación limpa, clara e ordenada
Coherencia e cohesión	- os problemas de coherencia afectan a comunicación - ausencia ou mal uso dos conectores - insuficiente para avaliar	- os problemas de coherencia non afectan a comunicación - bastantes erros no uso dos conectores	- a información ten pouco erros de estrutura - emprega axeitadamente os conectores pero de xeito repetitivo	- a información está ben estruturada en oracións e parágrafos - emprega correctamente os conectores
Riqueza e corrección gramatical	- usa estruturas morfosintácticas incorrectas case sempre - insuficiente para avaliar	- usa estruturas morfosintácticas e elementos morfolóxicos limitados, con erros frecuentes	- usa estruturas morfosintácticas variadas, con erros menores que non impiden a comprensión	- usa estruturas morfosintácticas moi variadas, case sen erros
Riqueza Léxica (vocabulario)	- vocabulario moi básico, repetitivo - comete moitas incorreccións e imprecisións - insuficiente para avaliar	- emprega vocabulario limitado - presenta algunhas incorreccións e imprecisións no léxico	- emprega vocabulario preciso pero pouco variado - incorpora parte do léxico aprendido - as incorreccións son escasas	- emprega vocabulario preciso e variado - incorpora o léxico aprendido

EXPRESIÓN ORAL

VE-R2-CCL-EO-2E				
ASPECTOS	0	1	2	3
Expresión Formal	- pronunciación e entoación moi deficiente - carece de linguaxe non verbal - Insuficiente para avaliar	- pronunciación e entoación deficiente - linguaxe non verbal escasa	- a pronunciación e entoación é aceptable - linguaxe non verbal axeitada	- boa pronunciación e entoación - linguaxe non verbal destacable
Coherencia e cohesión	- os problemas de coherencia afectan a comunicación - ausencias ou mal uso dos conectores	- os problemas de coherencia non afectan a comunicación - bastantes erros no	- a información ten poucos erros de estrutura - emprega adecuadamente os	- a información está ben estruturada en oracións e parágrafos - emprega correctamente os

	- insuficiente para avaliar	uso de conectores	conectores pero de xeito repetitivo	conectores
Riqueza e corrección gramatical	- estruturas morfosintácticas son incorrectas na súa maioría - Insuficiente para avaliar	- utiliza estruturas morfosintácticas e elementos morfolóxicos limitados, con erros frecuentes	- utiliza estruturas morfosintácticas variadas con erros menores que non impiden a comprensión	- utiliza estruturas morfosintácticas moi variadas, case sen erros
Riqueza Léxica (vocabulario)	- vocabulario moi básico, repetitivo - con moitas incorreccións e imprecisións - insuficiente para avaliar	- emprega vocabulario limitado - presenta algunhas incorreccións e imprecisións no léxico	- emprega vocabulario preciso pero pouco variado - incorpora parte do léxico aprendido -as incorreccións son escasas	- emprega vocabulario preciso e variado - incorpora o léxico aprendido

COMPRESIÓN ESCRITA

VE-R3-CCL-CE-2E				
ASPECTOS	0	1	2	3
Comprensión xeral do texto	Cústalle distinguir entre ideas importantes e secundarias dun texto	Recoñece a idea principal do texto e algunhas secundarias, mais deixa outras que poderían completar o sentido xeral do mesmo	Recoñece a idea principal dun texto, pero cústalle construír un enunciado que logre sintetizar, concretar ou precisar o sentido do texto	Recoñece o tema xeral e a mensaxe do texto. Constrúe enunciados que sintetizan, concretan e precisan o sentido do mesmo
Vocabulario	Descoñece moitas palabras e non mostra interese por coñecelas	Descoñece algunhas palabras e cústalle empregalas noutros contextos	Descoñece poucas palabras pero pregunta polo seu significado e úsaas noutros contextos	Coñece e emprega todo o vocabulario de lectura
Tipoloxía textual	Interpreta deficientemente o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.	Interpreta con suficiente corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.	Interpreta con bastante corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.	Interpreta con moita corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.
Resumo do texto	Manifesta unha gran dificultade en resumir o texto	É capaz de resumir partes do texto con precisión, pero manifesta algo de incompreensión	É capaz de recoller as ideas máis relevantes do texto e mestúraas con algunhas superfluas	É capaz de recoller as ideas máis relevantes do texto desbotando as superfluas e evitando os detalles

COMPRESIÓN ORAL

VE-R4-CCL-CO-2E				
ASPECTOS	0	1	2	3
Atención	Distráese constantemente durante calquera explicación ou audición	Distráese ocasionalmente	Normalmente presta atención e non se distrae durante a explicación ou audición	Presta atención constantemente durante a explicación ou audición
Comprensión	Non recoñece sen axuda a idea xeral. Cústalle recoñecer as ideas principais e	Recoñece a idea xeral pero faltan bastantes datos relevantes nunha explicación ou	Recoñece a idea xeral pero falta algún dato relevante nunha explicación ou texto	Recoñece a idea xeral e os datos máis relevantes nunha explicación ou texto

	secundarias	texto oral. Distingue as ideas principais e en gran medida as secundarias	oral. Distingue as ideas principais das secundarias	oral. Distingue as ideas principais e as secundarias
Aspectos prosódicos	Cústalle recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal	Con frecuencia recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal	Case sempre recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal	Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal
Respecto as normas	Non respecta as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio	Soe respectar as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio	Respecta habitualmente as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio	Respecta sempre as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio

2.2.2- PERFIL DA COMPETENCIA APRENDER A APRENDER (CAA)

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
VEB4.1.2	Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.
VEB6.1.1	Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).

RÚBRICA PARA AVALIAR A COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

VE-R5-CAA-2E				
ASPECTOS	0	1	2	3
Esfuerzo e perseverancia	Non se esforza nada. Non se autovalía nunca	- Esfórzase pouco - Autoavaliase ocasionalmente	- Esfórzase - Autoavaliase regularmente	- Esfórzase moito - Autoavaliase correctamente
Adquirir confianza en sí mesmo e interés por aprender	- Non participa - Non presta atención - Non ten iniciativa	- Pouca participación - Pouca atención - Pouca iniciativa	- Participa bastante - Normalmente presta atención - Ten bastante iniciativa	- Participa activamente - Presta atención sempre - Ten iniciativa
Estratexias para resolver tarefas/problemas	- Non é capaz de identificar as demandas de aprendizaxe dunha tarefa	- Só ás veces é capaz de identificar as demandas de aprendizaxe dunha tarefa	- Case sempre é capaz de identificar as demandas de aprendizaxe dunha tarefa	- Sempre identifica as demandas de aprendizaxe dunha tarefa
Xestión e contro da	- Non planifica nin	- De cando en vez	-Case sempre	-Sempre planifica e

súa propia aprendizaxe	organiza actividades nin tempos	planifica e organiza actividades e tempos	planifica e organiza actividades e tempos	organiza actividades e tempos
------------------------	---------------------------------	---	---	-------------------------------

2.2.3- PERFIL DA COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ (CSC)

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
VEB3.4.2	Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social.

RÚBRICA PARA AVALIAR A COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ (CSC)

TRABALLO EN GRUPO

VE-R6-CSC-2E				
ASPECTOS	0	1	2	3
Traballando con outros	Raramente escoita, comparte e apoia o esforzo doutros.	Ás veces escoita, comparte e apoia o esforzo doutros.	Usualmente escoita, comparte e apoia o esforzo doutros.	Escoita practicamente sempre, comparte e apoia o esforzo doutros. Trata de manter a unión dos membros
Contribucións	Rara vez proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase.	Algunhas veces proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase	Polo xeral, proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase.	Proporciona sempre ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase.
Manexo do tempo	Nunca entrega o seu traballo a tempo e o grupo ten que modificar as datas ou prazos	Moitas veces entrega o seu traballo fóra de prazo e o grupo ten que modificar as datas ou prazos	En ocasións retrasase na entrega do seu traballo a tempo aínda que o grupo non ten que modificar as datas ou prazos	Sempre entrega o seu traballo á tempo e o grupo non ten que modificar as datas ou prazos
Resolución de conflitos	- Non trata de resolver os problemas nin axuda a outros a resolvelos. - Deixa que outros fagan o traballo	- Non suxire solucións, pero está disposto a tratar solucións propostas por outros	- Case sempre busca e suxire solución aos problemas	- Sempre busca e suxire aos problemas

2.2.4- PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA E CIENCIA E TECNOLOXÍA

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
• VEB6.1.1.	• VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).

2.2.5- PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
VEB6.1.3.	Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.

2.2.6- PERFIL DA COMPETEN. EN SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
VEB6.3.2.	Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas.

2.2.7- PERFIL DA COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
VEB3.5.3	Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto.
VEB3.7.2	Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.

Concreción dos obxectivos para cada curso

Os obxectivos fan referencia aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

Neste curso de 2º de ESO na asignatura de Valores Éticos os obxectivos a conseguir serían:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as

diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

Concreción para cada estándar de aprendizaxe available

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN			GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
		1a	2a	3a		
VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.	.CCL	X			Coñece algunhas definicións do concepto de persoa.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.	.CSC	X			Comprende a concepción kantiana da persoa como suxeito autónomo.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB1.2.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.	.CSC	X			É capaz de entender a concepción kantiana de persoa como fin en si mesma.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter.	.CSC	X			Entende o concepto de virtude de Aristóteles.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.	.CAA .CCL .CSC	X			Entende o concepto de virtude ética de Aristóteles e é capaz de sinalar algún exemplo.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB2.1.1. Distingue entre					Distingue entre o campo da	Exercicios de comprensión

os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informáticos	.CLL .CD	X			ética e do dereito.	(ficha ou libreta)
VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.	.CCL .CSC .CSIEE	X	X	X	O establecido no perfil da CCL para a rúbrica: VE-R1-CCL-EE-2E VE-R2-CCL-EO-2E VE-R3-CCL-CE-2E VE-R4-CCL-CO-2E	Traballo e exposición individual.
VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.	.CSC	X			Recoñece as diferenzas entre ética e moral.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.1.2. Achega razóns que xustifican a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.	.CSC	X			Comprende a importancia da reflexión ética.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.	.CSC	X			Entende a estrutura moral da persoa como ser racional e libre.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlberg, e as características propias	.CCL .CSC	X			Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlberg.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)

de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral						
VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.	.CCL	X			É capaz de relacionar o concepto de liberdade coa estrutura moral da persoa.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.	.CCL	X	X	X	O establecido no perfil da CCL para a rúbrica: VE-R1-CCL-EE-2E VE-R2-CCL-EO-2E VE-R3-CCL-CE-2E VE-R4-CCL-CO-2E	Traballo individual ou en grupo
VEB3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social.	.CSC .CSIEE	X	X	X	O establecido no perfil da CSC para a rúbrica: VE-R6-CSC-2E	Traballo en grupo
VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.	.CCL		X		Distingue os distintos tipos de normas que existen: éticas, xurídicas, relixiosas, etc.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.5.2. Señala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.	.CCEC		X		Entende a postura de relativismo moral dos sofistas.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto.	.CCEC		X		Entende que é o intelectualismo moral de Sócrates.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías	.CCL .CSC		X		É capaz de distinguir entre o relativismo e o obxectivismo moral.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)

éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.						
VEB3.6.1. Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas.	.CAA .CCL		X		É capaz de distinguir entre éticas de fins e éticas procedementais.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.6.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.	.CCEC		X		Entende o hedonismo da teoría ética de Epicuro.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.6.3. Elaborar, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.	.CAA .CCL	X			É capaz de dar algún argumento a favor ou en contra do epicureísmo.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.7.1. Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións.	.CCL		X		É capaz de definir o termo eudemonismo.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa	.CCEC		X		Coñece os tres tipos de tendencia que hai no ser humano segundo Aristóteles.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de	.CCL		X		Entende o eudemonismo de Aristóteles como unha ética de fins.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)

Aristóteles dentro da categoría da ética de fins.						
VEB3.8.1. Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.	.CCL		X			Coñece o principio de utilidade característico da ética utilitarista. Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.8.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins.	.CCEC		X			Entende o utilitarismo e o epicureísmo como éticas de fins. Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.8.3. Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista.	.CCL .CSIE E		X			É capaz de dar algún argumento a favor ou en contra do utilitarismo. Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza.	.CCEC		X			Comprende as relacións entre ética, política e xustiza na ética aristotélica. Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.	.CAA	X	X		X	O establecido no perfil da CAA para a rúbrica: VE-R5-CAA Traballo individual ou de grupo.
VEB4.2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función	.CSIE E .CD .CSC				X	É capaz de realizar un pequeno traballo sobre a visión do estado de Aristóteles. Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)

educativa ao Estado.						
VEB4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.	-CAA .CCL			X	Realiza en grupo un pequeno traballo sobre o concepto de xustiza en Aristóteles aportando a súa opinión persoal.	Traballo de grupo.
VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.	.CCL .CD			X	Coñece a diferenza e a semellanza entre a ética e o dereito.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).	.CAA	X	X	X	O establecido no perfil da CAA para a rúbrica: VE-R5-CAA-2E	Traballo individual.
VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio	-CCL .CMC CT .CSC			X	É capaz de reflexionar sobre os problemas éticos e xurídicos da investigación científica e tecnolóxica.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)

normativo.						
VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.	.CD .CSIE E	X	X	X	É capaz de realizar pequenas exposicións orais e escritas nas que dá a súa opinión sobre os temas tratados.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización.	.CMC CT			X	Comprende os riscos presentes na sociedade tecnolóxica na que vivimos.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxeñese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.	.CCL .CMC CT .CSC			X	É capaz de seleccionar información sobre dilemas morais asociados aos avances da medicina e a biotecnoloxía.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB6.3.2. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na					É capaz de dialogar desde a tolerancia sobre os distintos dilemas éticos que se nos presentan aos seres humanos.	Debate argumentativo na aula.

confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas.	-CSC .CSIE E			X		
---	--------------------	--	--	---	--	--

Concrecións metodolóxicas que require a materia.

A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Os contidos teóricos serán breves e traballaránse a través de distintos exercicios realizados na aula ou en casa, no caderno de clase ou en fichas soltas. Neste curso iniciaremos a lectura de textos breves dos autores cuxas teorías tratamos de coñecer e realizaremos algún exercicio que nos indique o significado para a vida práctica das teorías recollidas nos textos. En cada trimestre trataremos algún proxecto mediante o traballo de grupo, que se expoñerá en clase.

Procuraremos tamén desenvolver a capacidade de debater, fomentando o respecto á persoa que fala, a expresión razoada das propias ideas e a reflexión sobre o que se di, aprendendo a valorar a necesidade de ter información veraz para poder opinar con certo coñecemento. Periódicamente realizaremos un debate na clase que se avaliará coa rúbrica correspondente.

Materias e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Nesta asignatura non haberá libro de texto. Os materiais teóricos serán aportados polo profesorado a través de fotocopias e/ou documentos diversos a través da aula virtual. Usaremos tamén breves textos dos autores que se estudan neste curso, tratando de que sexan textos asequibles ao seu nivel de desenvolvemento intelectual.

Usarase tamén a prensa como material de traballo na aula (tanto en papel como dixital).

O material audiovisual será tamén utilizado, tanto documentais axeitados aos distintos temas tratados, como fragmentos de programas de televisión (pensemos en algúns capítulos de salvados, por exemplo). Para tratar determinados temas usaremos tamén vídeos de youtube, por exemplo para explicar a orixe e evolución dos DD.HH. Poderáse visualizar tamén algunha película, aínda que con tan poucas sesións semanais é complicado poder ver algunha película completa.

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Avaliaremos a aprendizaxe realizada no día a día a través dos diversos exercicios que o alumnado

vaia realizando, tanto individualmente como en grupo. Serán tarefas moi diversas, desde contestar preguntas a resolver casos prácticos, tamén ler e interpretar textos, debater na aula, realizar traballos en grupo, describir as propias opinións, realizar tarefas creativas como inventar historias ou cómics, etc. Na avaliación destas tarefas terase en conta a adecuación ao

traballo que se pide, a corrección gramatical e sintáctica, a limpeza e o cumprimento dos prazos de entrega de cada tarefa.

Os estándares VEB2.1.2, VEB3.4.1, VEB3.4.2, VEB4.1.2, e VEB6.1.1 poderán avaliarse mediante rúbricas.

Se o alumno ou alumna non chega a ter un cinco na avaliación poderá recuperar mediante a entrega dos traballos que non fixo ou que fixo mal ou ben facer un exame no que se demostre que asimilou os contidos traballados ao longo do trimestre. Ao final do curso haberá a opción de realizar un exame final para aqueles que non conseguiran chegar ao aprobado. Para poder realizar este exame a alumna ou alumno debe ter entregado polo menos o 50 % dos exercicios pedidos durante o curso.

Se en xuño o alumno ou alumna non consegue obter un cinco poderá presentarse ao exame extraordinario. Nesta proba deberá contestar ás cuestións tratadas durante o curso e obter un cinco.

Á hora de avaliar os exames teóricos terase en conta: a adecuación da resposta do alumno ao que pide o exame, a coherencia conceptual e a corrección sintáctica e gramatical (ata dous puntos poderase restar da nota final por faltas sintácticas e ortográficas).

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

A avaliación do proceso e da práctica docente ten unha dobre dimensión, por unha parte as conclusións que o propio profesor debe obter a partir dos resultados dos traballos que van facendo os alumno/as ao longo do curso, así como do diálogo establecido na aula e que pon de manifesto as dificultades que se van atopando. Por outra banda hai que facer unha reflexión no departamento sobre como se vai desenvolvendo a programación para ir adaptándoa á realidade da práctica docente. Esta adaptación pode referirse ao nivel de esixencia que se pide ao alumnado, á necesidade de reforzar determinadas competencias (por exemplo a capacidade de comprensión lectora ou de expresión escrita) ou á temporalización dos contidos e estándares que se propoñen na programación. Antes de empezar o curso é xa case necesario pensar que esta temporalización vai precisar unha readaptación, pois é imposible realizar un traballo de comprensión e asimilación correcto nos tempos que teríamos que empregar para cumprir con toda a programación. Creo que isto é responsabilidade da administración que nos propón uns currículos imposibles.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

O alumnado que teña pendente a asignatura de Valores Éticos de 2º de ESO poderá acreditar ao longo de curso seguinte o dominio do grao mínimos dos estándares de aprendizaxe traballados. Poderá facelo mediante a entrega dos exercicios correspondentes a cada estándar que irá entregando periódicamente á profesora, ou ben mediante a realización dunha proba escrita no mes de febreiro que lle sirva para demostrar os coñecementos e competencias esixidas.

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

A asignatura de Valores Éticos ten, como xa dixemos, unha dimensión fundamentalmente práctica, orientada cara a reflexión sobre os nosos actos en relación coas outras persoas e co entorno en xeral. A avaliación inicial debe axudarnos a observar cal é o nivel desa reflexión práctica no noso alumnado. O máis axeitado para isto é propoñerlles (ao principio do curso) a

resolución dalgún dilema moral, ou ben a reflexión sobre algún tema de actualidade que xogue o mesmo rol do dilema, é dicir, que obrigue a pensar sobre as diversas opcións, sobre cales son os valores máis importantes cando hai un conflito entre varios, etc.

Unha vez feito este exercicio o profesorado valorará o nivel de reflexión moral que demostran os alumnos e as alumnas para propoñer exercicios que permitan desde ese estado ir evolucionando cara a un desenvolvemento moral autónomo.

Medidas de atención á diversidade.

O alumnado será atendido de forma individualizada no posible, acentuándose esta atención no caso de que presente algunha característica que así o esixa, atendendo á diversidade do noso alumnado. Posto que o traballo nesta clase é práctico tratarase de que as actividades estean dispostas de xeito claro e axeitado para as capacidades de cada persoa.

En xeral, neste apartado seguiremos as indicacións que se nos trasladen desde o Departamento de Orientación e a Tutoría para cada alumno/a.

Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

Valores éticos é unha das asignaturas que mellor permiten a integración dos elementos transversais. Traballarase a comprensión lectora comentando textos e noticias e a expresión oral nos debates e exposicións orais.

Reflexionase sobre os temas relativos á igualdade de xénero e a loita contra todo tipo de discriminación a través do pensamento dos distintos autores que se traballan neste curso, poñendo de manifesto como moitas veces a altura do pensamento non impide participar dos prexuízos da sociedade.

Aproveitaremos as celebracións do Día dos DDHH, o Día da Paz e do Día da Muller, para reforzar a compromiso cos valores da igualdade, da xustiza e da resolución pacífica dos conflitos.

Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso.

Nun principio non hai pensada ningunha actividade complementaria ou extraescolar por parte do Departamento. Se ao longo do curso xorde a oportunidade de participar nalgunha actividade interesante para o noso alumnado propoñerémola.

Por outra banda participaremos no que poidamos nas actividades propostas polo Instituto.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Para realizar esta tarefa propoñemos as seguintes medidas:

- . Avaliación inicial en cada grupo no primeiro trimestre
- . Valoración por parte do Departamento dos resultados trimestrais: análise dos resultados e das

posibles causas dos problemas que se advirtan. Proposta de medidas para intentar solucionar

os problemas

- . Recoller na programación o cumprimento da temporalización de cada unidade didáctica e os problemas atopados para o seu cumprimento completo
- . Recoller na memoria de fin de curso os resultados da avaliación do alumnado por materias e cursos e realizar unha valoración para intentar mellorar o curso seguinte

VALORES ÉTICOS DE 4º DE ESO

Introdución e contextualización

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escollo do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global. No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o nonestancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, nonviolencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación. Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a de Valores Éticos, tendo algún deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitado o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o desenvolvemento sustentable, o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade, ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes e en outros é a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta. O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes:

"A dignidade da persoa",
"A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais",
"A reflexión ética",
"A xustiza e a política",
"Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último,
"Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía".
No cuarto curso da etapa retómanse , pero desde un nivel de afondamento superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos, tendo como horizonte que o alumnado, ao final da etapa, estea xa capacitado para levar a cabo o proxecto máis importantes de aqueles nos que se embarcarán: o dunha vida persoal e social digna e satisfactoria.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A nomenclatura utilizada será a seguinte:

- VE-Valores Éticos
- R- Rúbrica (o número que acompaña a rúbrica indícanos de que rúbrica se trata)
- CCL- Competencia comunicación lingüística
- EE- Expresión escrita
- EO- Expresión oral
- CE- Comprensión escrita
- CO- Comprensión oral
- CAA- Competencia aprender a aprender
- CSC- Competencia social e cidadá
- CMCCT- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- CD- Competencia dixital
- CSIEE- Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- CCEC- Competencia en conciencia e expresión cultural
- 4E- 4º ESO

As competencias en comunicación lingüística, aprender a aprender, social e cidadá poderán avaliarse mediante rúbricas. O grao mínimo que terá que acadar o alumnado para considerar que domina dita competencia será de seis puntos dos doce posibles.

PERFIL COMPETENCIA COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
VEB2.2.3.	Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual
VEB5.1.2.	Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia

RÚBRICAS PARA AVIALAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

EXPRESIÓN ESCRITA

VE- R1- CLL- EE-4E

ASPECTOS	0	1	2	3
Corrección formal	<ul style="list-style-type: none"> - presenta moitas faltas de ortografía e acentuación - presentación nin limpa, nin clara, nin ordenada - insuficiente para avaliar 	<ul style="list-style-type: none"> - presenta bastantes faltas de ortografía e acentuación - presentación pouco limpa, clara e ordenada 	<ul style="list-style-type: none"> - presenta algúns erros leves de ortografía e/ou acentuación - presentación bastante limpa, clara e ordenada 	<ul style="list-style-type: none"> - non presenta faltas de ortografía nin de acentuación - presentación limpa, clara e ordenada
Coherencia e cohesión	<ul style="list-style-type: none"> - os problemas de coherencia afectan a comunicación - ausencia ou mal uso dos conectores - insuficiente para avaliar 	<ul style="list-style-type: none"> - os problemas de coherencia non afectan a comunicación - bastantes erros no uso dos conectores 	<ul style="list-style-type: none"> - a información ten pouco erros de estrutura - emprega axeitadamente os conectores pero de xeito repetitivo 	<ul style="list-style-type: none"> - a información está ben estruturada en oracións e parágrafos - emprega correctamente os conectores
Riqueza e corrección gramatical	<ul style="list-style-type: none"> - usa estruturas morfosintácticas incorrectas case sempre - insuficiente para avaliar 	<ul style="list-style-type: none"> - usa estruturas morfosintácticas e elementos morfolóxicos limitados, con erros frecuentes 	<ul style="list-style-type: none"> - usa estruturas morfosintácticas variadas, con erros menores que non impiden a comprensión 	<ul style="list-style-type: none"> - usa estruturas morfosintácticas moi variadas, case sen erros
Riqueza Léxica (vocabulario)	<ul style="list-style-type: none"> - vocabulario moi básico, repetitivo - comete moitas incorreccións e imprecisións - insuficiente para avaliar 	<ul style="list-style-type: none"> - emprega vocabulario limitado - presenta algunhas incorreccións e imprecisións no léxico 	<ul style="list-style-type: none"> - emprega vocabulario preciso pero pouco variado - incorpora parte do léxico aprendido - as incorreccións son escasas 	<ul style="list-style-type: none"> - emprega vocabulario preciso e variado - incorpora o léxico aprendido

EXPRESIÓN ORAL

VE-R2-CCL-EO-4E				
ASPECTOS	0	1	2	3
Expresión Formal	<ul style="list-style-type: none"> - pronunciación e entoación moi deficiente - carece de linguaxe non verbal - Insuficiente para avaliar 	<ul style="list-style-type: none"> - pronunciación e entoación deficiente - linguaxe non verbal escasa 	<ul style="list-style-type: none"> - a pronunciación e entoación é aceptable - linguaxe non verbal axeitada 	<ul style="list-style-type: none"> - boa pronunciación e entoación - linguaxe non verbal destacable
Coherencia e cohesión	<ul style="list-style-type: none"> - os problemas de coherencia afectan a comunicación - ausencias ou mal uso dos conectores - insuficiente para avaliar 	<ul style="list-style-type: none"> - os problemas de coherencia non afectan a comunicación - bastantes erros no uso de conectores 	<ul style="list-style-type: none"> - a información ten poucos erros de estrutura - emprega adecuadamente os conectores pero de xeito repetitivo 	<ul style="list-style-type: none"> - a información está ben estruturada en oracións e parágrafos - emprega correctamente os conectores
Riqueza e corrección gramatical	<ul style="list-style-type: none"> - estruturas morfosintácticas son incorrectas na súa maioría - Insuficiente para avaliar 	<ul style="list-style-type: none"> - utiliza estruturas morfosintácticas e elementos morfolóxicos limitados, con erros frecuentes 	<ul style="list-style-type: none"> - utiliza estruturas morfosintácticas variadas con erros menores que non impiden a comprensión 	<ul style="list-style-type: none"> - utiliza estruturas morfosintácticas moi variadas, case sen erros
Riqueza Léxica (vocabulario)	<ul style="list-style-type: none"> - vocabulario moi básico, repetitivo - con moitas incorreccións e imprecisións - insuficiente para avaliar 	<ul style="list-style-type: none"> - emprega vocabulario limitado - presenta algunhas incorreccións e imprecisións no léxico 	<ul style="list-style-type: none"> - emprega vocabulario preciso pero pouco variado - incorpora parte do léxico aprendido - as incorreccións son escasas 	<ul style="list-style-type: none"> - emprega vocabulario preciso e variado - incorpora o léxico aprendido

COMPRESIÓN ESCRITA

VE-R3-CCL-CE-4E				
ASPECTOS	0	1	2	3
Comprensión xeral do texto	Cústalle distinguir entre ideas importantes e secundarias dun texto	Recoñece a idea principal do texto e algunhas secundarias, mais deixa outras que poderían completar o sentido xeral do mesmo	Recoñece a idea principal dun texto, pero cústalle construír un enunciado que logre sintetizar, concretar ou precisar o sentido do texto	Recoñece o tema xeral e a mensaxe do texto. Constrúe enunciados que sintetizan, concretan e precisan o sentido do mesmo
Vocabulario	Descoñece moitas palabras e non mostra interese por coñecelas	Descoñece algunhas palabras e cústalle empregalas noutros contextos	Descoñece poucas palabras pero pregunta polo seu significado e úsaas noutros contextos	Coñece e emprega todo o vocabulario de lectura
Tipoloxía textual	Interpreta deficientemente o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.	Interpreta con suficiente corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.	Interpreta con bastante corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.	Interpreta con moita corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.
Resumo do texto	Manifesta unha gran dificultade en resumir o texto	É capaz de resumir partes do texto con precisión, pero manifesta algo de incompreensión	É capaz de recoller as ideas máis relevantes do texto e mestúraas con algunhas superfluas	É capaz de recoller as ideas máis relevantes do texto desbotando as superfluas e evitando os detalles

COMPRESIÓN ORAL

VE-R4-CCL-CO-4E				
ASPECTOS	0	1	2	3
Atención	Distráese constantemente durante calquera explicación ou audición	Distráese ocasionalmente	Normalmente presta atención e non se distrae durante a explicación ou audición	Presta atención constantemente durante a explicación ou audición
Comprensión	Non recoñece sen axuda a idea xeral. Cústalle recoñecer as ideas principais e secundarias	Recoñece a idea xeral pero faltan bastantes datos relevantes nunha explicación ou texto oral. Distingue as ideas principais e en gran medida as secundarias	Recoñece a idea xeral pero falta algún dato relevante nunha explicación ou texto oral. Distingue as ideas principais das secundarias	Recoñece a idea xeral e os datos máis relevantes nunha explicación ou texto oral. Distingue as ideas principais e as secundarias
Aspectos prosódicos	Cústalle recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal	Con frecuencia recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal	Case sempre recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal	Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal
Respecto as normas	Non respecta as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra,	Soe respectar as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra,	Respecta habitualmente as normas de cortesía na comunicación oral	Respecta sempre as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra,

	respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio	respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio	(quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio	respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio
--	--	--	--	--

4.2.2- PERFIL DA COMPETENCIA APRENDER A APRENDER (CAA)

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
VEB4.2.1.	Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).
VEB6.1.1.	Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.

RÚBRICA PARA AVALIAR A COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

VE-R5-CAA-4E				
ASPECTOS	0	1	2	3
Esfuerzo e perseverancia	Non se esforza nada. Non se autovalía nunca	- Esfórzase pouco - Autoavaliase ocasionalmente	- Esfórzase regularmente - Autoavaliase regularmente	- Esfórzase moito - Autoavaliase correctamente
Adquirir confianza en sí mesmo e interés por aprender	- Non participa - Non presta atención - Non ten iniciativa	- Pouca participación - Pouca atención - Pouca iniciativa	- Participa bastante - Normalmente presta atención - Ten bastante iniciativa	- Participa activamente - Presta atención sempre - Ten iniciativa
Estratexias para resolver tarefas/problemas	- Non é capaz de identificar as demandas de aprendizaxe dunha tarefa	- Só ás veces é capaz de identificar as demandas de aprendizaxe dunha tarefa	- Case sempre é capaz de identificar as demandas de aprendizaxe dunha tarefa	- Sempre identifica as demandas de aprendizaxe dunha tarefa
Xestión e contro da súa propia aprendizaxe	- Non planifica nin organiza actividades nin tempos	- De cando en vez planifica e organiza actividades e tempos	- Case sempre planifica e organiza actividades e tempos	- Sempre planifica e organiza actividades e tempos

4.2.3- PERFIL DA COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ (CSC)

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
VEB5.3.3.	Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as

	que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.
VEB5.4.3.	Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).

RÚBRICA PARA AVALIAR A COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ (CSC)

TRABALLO EN GRUPO

VE-R6-CSC-4E				
ASPECTOS	0	1	2	3
Traballando con outros	Raramente escoita, comparte e apoia o esforzo doutros.	Ás veces escoita, comparte e apoia o esforzo doutros.	Usualmente escoita, comparte e apoia o esforzo doutros.	Escoita practicamente sempre, comparte e apoia o esforzo doutros. Trata de manter a unión dos membros
Contribucións	Rara vez proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase.	Algunhas veces proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase	Polo xeral, proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase.	Proporciona sempre ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase.
Manexo do tempo	Nunca entrega o seu traballo a tempo e o grupo ten que modificar as datas ou prazos	Moitas veces entrega o seu traballo fóra de prazo e o grupo ten que modificar as datas ou prazos	En ocasións retrasase na entrega do seu traballo a tempo aínda que o grupo non ten que modificar as datas ou prazos	Sempre entrega o seu traballo á tempo e o grupo non ten que modificar as datas ou prazos
Resolución de conflitos	- Non trata de resolver os problemas nin axuda a outros a resolvelos. - Deixa que outros fagan o traballo	- Non suxire solucións, pero está disposto a tratar solucións propostas por outros	- Case sempre busca e suxire solución aos problemas	- Sempre busca e suxire aos problemas

Neste curso é posible que non se poida traballar en grupo do xeito acostumado durante todo o período lectivo. Deixamos esta rúbrica na programación á espera de que a situación epidémica permita a interacción habitual entre o alumnado.

4.2.4- PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA E CIENCIA E TECNOLOXÍA

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
• VEB3.1.2	Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).

4.2.5- PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
VEB5.3.3	Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.

4.2.6- PERFIL DA COMPETEN. EN SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
VEB3.1.2	Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).

4.2.7- PERFIL DA COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
VEB2.2.3	Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.

Concreción dos obxectivos para cada curso

Os obxectivos fan referencia aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

Neste curso de 4º de ESO na asignatura de Valores Éticos os obxectivos a conseguir serían:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN			GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
		1ª	2ª	3ª		
§ VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza	.CSC	X			Comprende a relación entre a DUDH e a dignidade do ser humano.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade	.CCL	X			Comprende que a DUDH fúndase na razón, conciencia e liberdade dos humanos.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.	-CAA	X			Entende o significado dos seguintes termos: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, violación de dereitos.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB2.1.1 Comenta segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións	.CCL	X			Coñece de que tratan os artigos do 12 ao 17 da DUDH.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)

IES RAMÓN CABANILLAS CAMBADOS
DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA
PROGRAMACIÓN CURSO 2022-23

existentes entre ambos.						
VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar	.CCL	X			Coñece os límites do Estado que establece a DUDH.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresaíntes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado.	..CCL .CD .CSIEE	X			É capaz de realizar un pequeno traballo en soporte informático sobre o tema tratado.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.	-CCEC .CCL	X			Entende o que é o proceso de socialización global.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.	.CSC	X			Comprende algúns dos posibles perigos do proceso de socialización global.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.	.CCEC .CCL	X	X	X	O establecido no perfil da CCL para as rúbricas: VE-R1-CCL-EE-4E VE-R2-CCL-EO-4E VE-R3-CCL-CE-4E VE-R4-CCL-CO-4E	Pequeno traballo individual que expón en grupo.
VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.	.CCEC .CCL	X			É capaz de sinalar algunha norma moral que deben seguir os medios de comunicación masiva.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuídores de grandes intereses	.CSC	X			Comprende a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos DD.HH. É capaz de dicir algún caso nos que eses DD.HH. estean en perigo.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)

políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa						
VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).	.CMCCT .CSIEE	X			É capaz de sinalar algún dos novos campos aos que se aplica a ética.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.	.CCL		X		É capaz de sinalar algunha das circunstancias sociais que infúen na súa vida e pode pensar en como reaccionar ante elas.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais.	.CCL		X		Sabe definir o que son as éticas materiais e as formais.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal.	.CCL		X		É capaz de definir as características fundamentais da ética kantiana.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións	.CSC		X		É capaz de apreciar a ética kantiana como fundamento da autonomía da persoa.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant	.CAA		X		É capaz de definir a ética do discurso como unha ética formal.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)

IES RAMÓN CABANILLAS CAMBADOS
DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA
PROGRAMACIÓN CURSO 2022-23

VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas.	.CD .CSIEE		X		É capaz de realizar un pequeno traballo en soporte informático sobre as éticas formais.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).	.CSC		X		Comprende que a cidadanía ten deberes que debe cumprir para que a democracia funcione.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).	.CAA .CSC	X	X	X	O establecido no perfil da CAA na rúbrica: VE-R5-CAA-4E	Traballo en grupo
VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a	.CSC		X		É capaz de recoñecer que os estados teñen o deber ético e político de defender os DD.HH. fronte os ataques que o proceso de globalización pode significar para as persoas.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)

tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).					
VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.	.CCL		X	Explica a finalidade e as características das leis xurídicas do Estado.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.	.CCL .CSIEE		X	O establecido no perfil da CCL para as rúbricas: VE-R2-CCL-EO-4E VE-R4-CCL-CO-4E	
VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón)	.CAA .CD		X	Coñece os conceptos básicos da teoría de Rawls.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela.	.CCL		X	É capaz de atopar algún elemento positivo e algún negativo sobre a teoría de Rawls.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar.	.CSC		X	Recoñece a importancia dos dereitos humanos como meta para alcanzar polas sociedades e o Estado.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).	.CSC		X	É capaz de coñecer algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
§ VEB5.3.3. Emprénde a				O establecido no perfil da	Traballo individual.

IES RAMÓN CABANILLAS CAMBADOS
DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA
PROGRAMACIÓN CURSO 2022-23

<p>elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.</p>	<p>.CCEC .CD .CSC</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>CSC para a rúbrica: VE-R6-CSC-4E</p>	
<p>VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH).</p>	<p>.CCL</p>			<p>X</p>	<p>É capaz de dialogar con argumentos racionais sobre a paz e a seguridade como un dereito fundamental das persoas.</p>	<p>Debate en pequenos grupos.</p>
<p>VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.</p>	<p>.CSC</p>			<p>X</p>	<p>Recoñece o valor que a Constitución española concede á paz e ao respecto aos DD.HH.</p>	<p>Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)</p>
<p>VEB5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de</p>	<p>.CD .CSC</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>O establecido no perfil da CSC para a rúbrica: VE-R6-CSC-4E</p>	

IES RAMÓN CABANILLAS CAMBADOS
DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA
PROGRAMACIÓN CURSO 2022-23

armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).						
VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.)	.CSC			X	Coñece algúns dos compromisos internacionais asumidos por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos como membro de organismos internacionais.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais.	.CSC			X	Comprende a importancia da misión das forzas armadas en materia de defensa e seguridade nacional.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.	.CSC			X	Entende algunha das consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)
VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.	.CAA .CMCCT .CSC .CSIEE	X	X	X	O establecido no perfil da CAA para a rúbrica: VE-R5-CAA-4E	Traballo individual.
VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións fomentando a aplicación	.CMCCT .CSC .CSIEE			X	Comprende a necesidade de que todos os profesionais teñan en conta no seu traballo os valores éticos inspirados na DUDH.	Exercicios de comprensión (ficha ou libreta)

dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.						
--	--	--	--	--	--	--

Concrecións metodolóxicas que require a materia.

A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Os contidos teóricos serán breves e traballaranse a través de distintos exercicios realizados na aula, no caderno de clase ou en fichas soltas. Neste curso iniciaremos a lectura de textos breves de autores como Kant e Rawls, tratando de entender a raíz filosófica da DUDH. En cada trimestre trataremos algún proxecto mediante o traballo en grupos, que se expoñerán en clase.

Procuraremos tamén desenvolver a capacidade de debater, fomentando o respecto á persoa que fala, a expresión razoada das propias ideas e a reflexión sobre o que se di, aprendendo a valorar a necesidade de ter información veraz para poder opinar con certo coñecemento. Periódicamente realizaremos un debate na clase que se avaliará coa rúbrica correspondente.

Materias e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Nesta asignatura non haberá libro de texto. Os materiais teóricos serán aportados polo profesorado a través de fotocopias.

Usarase tamén a prensa como material de traballo na aula (tanto en papel como dixital).

O material audiovisual será tamén utilizado, tanto documentais axeitados aos distintos temas tratados, como fragmentos de programas de televisión (pensemos en algúns capítulos de salvados, por exemplo). Para tratar determinados temas usaremos tamén vídeos de youtube, por exemplo para explicar a orixe e evolución dos DD.HH. Poderáse visualizar tamén algunha película, aínda que con tan poucas sesións semanais é complicado poder ver algunha película completa.

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Avaliaremos a aprendizaxe realizada no día a día a través dos diversos exercicios que o alumnado

vaia realizando, tanto individualmente como en grupo. Serán tarefas moi diversas, desde contestar preguntas a resolver casos prácticos, tamén ler e interpretar textos, debater na aula, realizar traballos en grupo, describir as propias opinións, realizar tarefas creativas como inventar historias ou cómics, etc. Na avaliación destas tarefas terase en conta a adecuación ao traballo que se pide, a corrección gramatical e sintáctica, a limpeza e o cumprimento dos prazos de entrega de cada tarefa.

Os estándares VEB2.2.3, VEB4.2.1, VEB5.1.2, VEB5.3.3, VEB5.4.3 e VEB6.1.1 poderán avaliarse mediante rúbricas.

Se o alumno ou alumna non chega a ter un cinco na avaliación poderá recuperar mediante a entrega dos traballos que non fixo ou que fixo mal ou ben facer un exame no que se demostre que asimilou os contidos traballados ao longo do trimestre. Ao final do curso haberá a opción de realizar un exame final para aqueles que non conseguiran chegar ao aprobado. Para poder realizar este exame a alumna ou alumno debe ter entregado polo menos o 50 % dos exercicios

pedidos durante o curso.

Se en xuño o alumno ou alumna non consegue obter un cinco poderá presentarse ao exame extraordinario. Nesta proba deberá contestar ás cuestións tratadas durante o curso e obter un cinco.

Á hora de avaliar os exames teóricos terase en conta: a adecuación da resposta do alumno ao que pide o exame, a coherencia conceptual e a corrección sintáctica e gramatical (ata dous puntos poderase restar da nota final por faltas sintácticas e ortográficas).

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

A avaliación do proceso e da práctica docente ten unha dobre dimensión, por unha parte as conclusións que o propio profesor debe obter a partir dos resultados dos traballos que van facendo os alumno/as ao longo do curso, así como do diálogo establecido na aula e que pon de manifesto as dificultades que se van atopando. Por outra banda hai que facer unha reflexión no departamento sobre como se vai desenvolvendo a programación para ir adaptándoa á realidade da práctica docente. Esta adaptación pode referirse ao nivel de esixencia que se pide ao alumnado, á necesidade de reforzar determinadas competencias (por exemplo a capacidade de comprensión lectora ou de expresión escrita) ou á temporalización dos contidos e estándares que se propoñen na programación. Antes de empezar o curso é xa case necesario pensar que esta temporalización vai precisar unha readaptación, pois é imposible realizar un traballo de comprensión e asimilación correcto nos tempos que teríamos que empregar para cumprir con toda a programación. Creo que isto é responsabilidade da administración que nos propón uns currículos imposibles.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

O alumnado que pasa de 4º de ESO non pode ter materias pendentes.

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

A asignatura de Valores Éticos ten, como xa dixemos, unha dimensión fundamentalmente práctica, orientada cara a reflexión sobre os nosos actos en relación coas outras persoas e co entorno en xeral. A avaliación inicial debe axudarnos a observar cal é o nivel desa reflexión práctica no noso alumnado. O máis axeitado para isto é propoñerlles (ao principio do curso) a resolución dalgún dilema moral, ou ben a reflexión sobre algún tema de actualidade que xogue o mesmo rol do dilema, é dicir, que obrigue a pensar sobre as diversas opcións, sobre cales son os valores máis importantes cando hai un conflito entre varios, etc.

Unha vez feito este exercicio o profesorado valorará o nivel de reflexión moral que demostran os alumnos e as alumnas para propoñer exercicios que permitan desde ese estado ir evolucionando cara a un desenvolvemento moral autónomo.

Medidas de atención á diversidade.

O alumnado será atendido de forma individualizada no posible, acentuándose esta atención no caso de que presente algunha característica que así o esixa, atendendo á diversidade do noso alumnado. Posto que o traballo nesta clase é práctico tratarase de que as actividades estean dispostas de xeito claro e axeitado para as capacidades de cada persoa.

En xeral, neste apartado seguiremos as indicacións que se nos trasladen desde o

Departamento de Orientación e a Tutoría para cada alumno/a.

Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

Valores éticos é unha das asignaturas que mellor permiten a integración dos elementos transversais. Traballarase a comprensión lectora comentando textos e noticias e a expresión oral nos debates e exposicións orais.

Os elementos que se sinalan como transversais no currículo son o eixo vertebral da propia asignatura, por iso a través de todos os estándares de aprendizaxe, que neste curso poñen un acento especial na globalización e as súas consecuencias e no fundamento filosófico dos DDHH, reflexionaremos sobre a importancia fundamental da loita contra todo tipo de discriminación, a igualdade entre mulleres e homes, a promoción dos valores da paz e da resolución pacífica dos conflitos.

O espírito emprendedor fomentarase a través do estímulo do espírito crítico e da autonomía do pensamento, compatible coa capacidade de traballar en grupo respectando a opinión de cada un e cooperando para conseguir o resultado final.

Aproveitaremos as celebracións do Día dos DDHH, o Día da Paz e do Día da Muller, para reforzar a compromiso cos valores da igualdade, da xustiza e da resolución pacífica dos conflitos.

Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso.

Nun principio non hai pensada ningunha actividade complementaria ou extraescolar por parte do Departamento. Se ao longo do curso xorde a oportunidade de participar nalgunha actividade interesante para o noso alumnado propoñerémola.

Por outra banda participaremos no que poidamos nas actividades propostas polo Instituto.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Para realizar esta tarefa propoñemos as seguintes medidas:

- . Avaliación inicial en cada grupo no primeiro trimestre
- . Valoración por parte do Departamento dos resultados trimestrais: análise dos resultados e das posibles causas dos problemas que se advirtan. Proposta de medidas para intentar solucionar os problemas
- . Recoller na programación o cumprimento da temporalización de cada unidade didáctica e os problemas atopados para o seu cumprimento completo
- . Recoller na memoria de fin de curso os resultados da avaliación do alumnado por materias e cursos e realizar unha valoración para intentar mellorar o curso seguinte

HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º BACHARELATO

Introdución e contextualización

Historia da Filosofía, ademais de ser unha materia que dá sentido e continuidade desde unha perspectiva histórica ás ideas que se presentaron na materia de Filosofía de primeiro de bacharelato, contribúe ao desenvolvemento integral dos alumnos e das alumnas de bacharelato, xa que permite tomar conciencia do seu ser como ser pensante e autónomo, e reflexionar sobre as súas propias crenzas, ideas e conviccións e as do mundo que hai arredor, de xeito crítico e razoado, e rexeitalas e/ou modificalas, ou asumilas como parte de si. Historia da Filosofía non se presenta como un percorrido cronolóxico polas ideas do pensamento occidental sen máis; tampouco debería ser un simple compendio de autores e autoras, senón un intento de achegamento ao esforzo do ser humano por comprender a realidade e o propio ser humano en todas as súas dimensións. Trátase dunha investigación que nos fará máis libres, permitíranos comprender o pasado e o presente, e proxectar solucións sobre os problemas que se nos formulen no futuro. É no pensar de "outros/as" (e con "outros/as") como se foi configurando ao longo da historia das ideas, como lograremos estimular o noso propio pensamento, ese "sapere aude" kantiano, que nos leve a xerar as nosas propias ideas tendo en conta de onde proceden e respectando as persoas que non pensan coma nós. Ese pensar a través do diálogo de distintos/as autores/as e épocas que foron creando aproximacións ou tendencias cara á verdade respecto aos problemas e ás grandes preguntas que se formulou o ser humano ao longo da súa existencia constitúe a Historia da Filosofía. E nese percorrido, o alumnado deberá reflexionar sobre as razóns da presenza maioritariamente masculina na produción filosófica desde as súas orixes, ao tempo que debe coñecer o pensamento filosófico na muller. Esta materia contribúe ao desenvolvemento das competencias clave do bacharelato pola súa propia natureza e polo xeito que está articulada, e permite o desenvolvemento persoal e social como cidadán ou cidadá, así como o desenvolvemento profesional no futuro, xa que, como materia terminal do bacharelato, adquire tamén a dimensión de propedéutica para un amplo abano de estudos e profesións posteriores. Historia da Filosofía permítelles aos alumnos e ás alumnas de bacharelato contribuír á consecución das seguintes competencias:

- a) A competencia en comunicación lingüística, a través de disertacións, argumentacións, análises de textos relevantes, definicións de termos, diálogos, exposicións orais e escritas, ensaios filosóficos, etc.
- b) As competencias sociais e cívicas preséntanse asociadas a numerosos estándares de aprendizaxe da materia que poñen o alumnado en relación co proceso de formación e transformación da sociedade humana desde as súas orixes, e permiten coñecer os seus problemas e as respostas que se deron ao longo da historia.
- c) A competencia de aprender a aprender contribúe a que o alumnado sexa quen de aprender por si mesmo, ao consolidar esta faceta noutros ámbitos, así como de cara ao futuro. Xa que logo, pídese reflexionar, aprender en equipo, comprender e explicar, etc.
- d) A competencia dixital desenvólvese realizando traballos colectivos a través da TIC, utilizando ferramentas informáticas para realizar presentacións, procuras en internet, etc.
- e) Foméntase tamén a consecución, entre outras, da competencia de conciencia e expresións culturais, xa que se recorre constantemente ao diálogo entre épocas e autores/as anteriores, facendo unha revisión das súas achegas ao ámbito das expresións culturais a nivel histórico.

Outro aspecto salientable da materia de Historia da Filosofía é o tratamento dos elementos transversais que corresponden ao bacharelato, destacando nomeadamente a comprensión e a

expresión orais e escritas en todos os bloques da materia, ou o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento transversal no propio currículo da materia, entre outros. A materia está organizada en cinco bloques: o primeiro é transversal e, por tanto, reaparecerá ao longo de todo o currículo, trátase da análise de textos, a argumentación, as ferramentas de investigación propias da filosofía e as aplicacións das tecnoloxías da información e da comunicación na materia; os outros catro bloques corresponden coas catro épocas máis relevantes da historia no relativo ao pensamento: Grecia Antiga, a Idade Media, a Modernidade e a Ilustración e a filosofía da Idade Contemporánea, que chega a ocuparse de autores/as e problemas actuais. Estes catro bloques están estruturados a través de autores/as salientables, dos/das que se sinala a súa terminoloxía, os textos máis representativos e as súas teorías características, e se contextualizan con outros/as autores/as ou épocas, resaltando á súa vez as súas contribucións á sociedade e á súa época.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A nomenclatura utilizada será a seguinte:

HF- Historia da Filosofía

R- Rúbrica (o número que acompaña a rúbrica indícanos de que rúbrica se trata)

CCL- Competencia comunicación lingüística

EE- Expresión escrita

EO- Expresión oral

CE- Comprensión escrita

CO- Comprensión oral

CAA- Competencia aprender a aprender

CSC- Competencia social e cidadá

CMCCT- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

CD- Competencia dixital

CSIEE- Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

CCEC- Competencia en conciencia e expresión cultural

2B- 2º Bacharelato

As competencias en comunicación lingüística, aprender a aprender, social e cidadá poderán avaliarse mediante rúbricas. O grao mínimo que terá que acadar o alumnado para considerar que domina dita competencia será de seis puntos dos doce posibles.

PERFIL DA COMPETENCIA COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL) 2º BAC

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
HFB1.1.1.	Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.
HFB1.1.2.	Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.
HFB1.2.1.	Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito.

RÚBRICAS PARA AVIALAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

EXPRESIÓN ESCRITA

HF-R1-CLL-EE-2B				
ASPECTOS	0	1	2	3
Corrección formal	- presenta moitas faltas de ortografía e acentuación - presentación nin limpa, nin clara, nin ordenada - insuficiente para avaliar	- presenta bastantes faltas de ortografía e acentuación - presentación pouco limpa, clara e ordenada	- presenta algúns erros leves de ortografía e/ou acentuación - presentación bastante limpa, clara e ordenada	- non presenta faltas de ortografía nin de acentuación - presentación limpa, clara e ordenada
Coherencia e cohesión	- os problemas de coherencia afectan a comunicación - ausencia ou mal uso dos conectores - insuficiente para avaliar	- os problemas de coherencia non afectan a comunicación - bastantes erros no uso dos conectores	- a información ten pouco erros de estrutura - emprega axeitadamente os conectores pero de xeito repetitivo	- a información está ben estruturada en oracións e parágrafos - emprega correctamente os conectores
Riqueza e corrección gramatical	- usa estruturas morfosintácticas incorrectas case sempre - insuficiente para avaliar	- usa estruturas morfosintácticas e elementos morfolóxicos limitados, con erros frecuentes	- usa estruturas morfosintácticas variadas, con erros menores que non impiden a comprensión	- usa estruturas morfosintácticas moi variadas, case sen erros
Riqueza Léxica (vocabulario)	- vocabulario moi básico, repetitivo - comete moitas incorreccións e imprecisións - insuficiente para avaliar	- emprega vocabulario limitado - presenta algunhas incorreccións e imprecisións no léxico	- emprega vocabulario preciso pero pouco variado - incorpora parte do léxico aprendido - as incorreccións son escasas	- emprega vocabulario preciso e variado - incorpora o léxico aprendido

EXPRESIÓN ORAL

HF- R2-CCL-EO-2B				
ASPECTOS	0	1	2	3
Expresión Formal	- pronunciación e entoación moi deficiente - carece de linguaxe non verbal - Insuficiente para avaliar	- pronunciación e entoación deficiente - linguaxe non verbal escasa	- a pronunciación e entoación é aceptable - linguaxe non verbal axeitada	- boa pronunciación e entoación - linguaxe non verbal destacable
Coherencia e cohesión	- os problemas de coherencia afectan a comunicación - ausencias ou mal uso dos conectores - insuficiente para avaliar	- os problemas de coherencia non afectan a comunicación - bastantes erros no uso de conectores	- a información ten poucos erros de estrutura - emprega adecuadamente os conectores pero de xeito repetitivo	- a información está ben estruturada en oracións e parágrafos - emprega correctamente os conectores
Riqueza e corrección gramatical	- estruturas morfosintácticas son incorrectas na súa maioría - Insuficiente para avaliar	- utiliza estruturas morfosintácticas e elementos morfolóxicos limitados, con erros frecuentes	- utiliza estruturas morfosintácticas variadas con erros menores que non impiden a comprensión	- utiliza estruturas morfosintácticas moi variadas, case sen erros
Riqueza Léxica (vocabulario)	- vocabulario moi básico, repetitivo - con moitas incorreccións e imprecisións	- emprega vocabulario limitado - presenta algunhas incorreccións e imprecisións no léxico	- emprega vocabulario preciso pero pouco variado - incorpora parte do léxico aprendido	- emprega vocabulario preciso e variado - incorpora o léxico aprendido

	- insuficiente para avaliar		-as incorreccións son escasas	
--	-----------------------------	--	-------------------------------	--

COMPREENSIÓN ESCRITA

HF-R3-CCL-CE-2B				
ASPECTOS	0	1	2	3
Comprensión xeral do texto	Cústalle distinguir entre ideas importantes e secundarias dun texto	Recoñece a idea principal do texto e algunhas secundarias, mais deixa outras que poderían completar o sentido xeral do mesmo	Recoñece a idea principal dun texto, pero cústalle construír un enunciado que logre sintetizar, concretar ou precisar o sentido do texto	Recoñece o tema xeral e a mensaxe do texto. Constrúe enunciados que sintetizan, concretan e precisan o sentido do mesmo
Vocabulario	Descoñece moitas palabras e non mostra interese por coñecelas	Descoñece algunhas palabras e cústalle empregalas noutros contextos	Descoñece poucas palabras pero pregunta polo seu significado e úsaas noutros contextos	Coñece e emprega todo o vocabulario de lectura
Tipoloxía textual	Interpreta deficientemente o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.	Interpreta con suficiente corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.	Interpreta con bastante corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.	Interpreta con moita corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.
Resumo do texto	Manifesta unha gran dificultade en resumir o texto	É capaz de resumir partes do texto con precisión, pero manifesta algo de incompreensión	É capaz de recoller as ideas máis relevantes do texto e mestúraas con algunhas superfluas	É capaz de recoller as ideas máis relevantes do texto desbotando as superfluas e evitando os detalles

COMPREENSIÓN ORAL

HF-R4-CCL-CO-2B				
ASPECTOS	0	1	2	3
Atención	Distráese constantemente durante calquera explicación ou audición	Distráese ocasionalmente	Normalmente presta atención e non se distrae durante a explicación ou audición	Presta atención constantemente durante a explicación ou audición
Comprensión	Non recoñece sen axuda a idea xeral. Cústalle recoñecer as ideas principais e secundarias	Recoñece a idea xeral pero faltan bastantes datos relevantes nunha explicación ou texto oral. Distingue as ideas principais e en gran medida as secundarias	Recoñece a idea xeral pero falta algún dato relevante nunha explicación ou texto oral. Distingue as ideas principais das secundarias	Recoñece a idea xeral e os datos máis relevantes nunha explicación ou texto oral. Distingue as ideas principais e as secundarias
Aspectos prosódicos	Cústalle recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal	Con frecuencia recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal	Case sempre recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal	Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal
Respecto as normas	Non respecta as	Soe respectar as	Respecta	Respecta sempre as

	normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio	normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio	habitualmente as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio	normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio
--	--	--	---	--

8.2.2- PERFIL DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER (CAA)

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
HFB1.1.3.	Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados.
HFB1.3.1.	Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política.
HFB1.3.2.	Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organízalos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles para a comprensión da filosofía do autor, e aplícalos con rigor.

RÚBRICA PARA AVALIAR A COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER (CAA)

HF-R5-CAA-2B				
ASPECTOS	0	1	2	3
Esforzo e perseverancia	Non se esforza nada. Non se autovalía nunca	- Esfórzase pouco - Autoavaliase ocasionalmente	- Esfórzase - Autoavaliase regularmente	- Esfórzase moito - Autoavaliase correctamente
Adquirir confianza en sí mesmo e interés por aprender	- Non participa - Non presta atención - Non ten iniciativa	- Pouca participación - Pouca atención - Pouca iniciativa	- Participa bastante - Normalmente presta atención - Ten bastante iniciativa	- Participa activamente - Presta atención sempre - Ten iniciativa
Estratexias para resolver tarefas/problemas	- Non é capaz de identificar as demandas de aprendizaxe dunha tarefa	- Só ás veces é capaz de identificar as demandas de aprendizaxe dunha tarefa	- Case sempre é capaz de identificar as demandas de aprendizaxe dunha tarefa	- Sempre identifica as demandas de aprendizaxe dunha tarefa
Xestión e contro da súa propia aprendizaxe	- Non planifica nin organiza actividades nin tempos	- De cando en vez planifica e organiza actividades e tempos	- Case sempre planifica e organiza actividades e tempos	- Sempre planifica e organiza actividades e tempos

8.2.3- PERFIL DA COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ (CSC)

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
HFB1.2.2	Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións, e valora a diversidade de ideas e, á vez, apoiándose nos aspectos comúns

RÚBRICA PARA AVALIAR A COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ (TRABALLO EN GRUPO)

HF-R6-CSC-2B				
ASPECTOS	0	1	2	3
Traballando con outros	Raramente escoita, comparte e apoia o esforzo doutros.	Ás veces escoita, comparte e apoia o esforzo doutros.	Usualmente escoita, comparte e apoia o esforzo doutros.	Escoita practicamente sempre, comparte e apoia o esforzo doutros. Trata de manter a unión dos membros
Contribucións	Rara vez proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase.	Algunhas veces proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase	Polo xeral, proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase.	Proporciona sempre ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase.
Manexo do tempo	Nunca entrega o seu traballo a tempo e o grupo ten que modificar as datas ou prazos	Moitas veces entrega o seu traballo fóra de prazo e o grupo ten que modificar as datas ou prazos	En ocasións retrasase na entrega do seu traballo a tempo aínda que o grupo non ten que modificar as datas ou prazos	Sempre entrega o seu traballo á tempo e o grupo non ten que modificar as datas ou prazos
Resolución de conflitos	- Non trata de resolver os problemas nin axuda a outros a resolvelos. - Deixa que outros fagan o traballo	- Non suxire solucións, pero está disposto a tratar solucións propostas por outros	- Case sempre busca e suxire solución aos problemas	- Sempre busca e suxire aos problemas

Neste curso é posible que non se poida traballar en grupo do xeito acostumbrado durante todo o período lectivo. Deixamos esta rúbrica na programación á espera de que a situación epidémica permita a interacción habitual entre o alumnado.

8.2.4- PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA E CIENCIA E TECNOLOXÍA

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
HFB2.2.4.	Estima e razoa o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvemento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións.

8.2.5- PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
• HFB1.3.3.	Selecciona información de distintas fontes, bibliográficas e de internet, e recoñece as fontes fiables.

8.2.6- PERFIL DA COMPETEN. EN SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
• HFB1.3.4	Realiza redaccións ou disertacións, traballos de investigación e proxectos que impliquen un esforzo creativo e unha valoración persoal dos problemas filosóficos formulados na historia da filosofía.

8.2.7- PERFIL DA COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZ
• HFB3.1.1	Explica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona.

Concreción dos obxectivos para cada curso

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE TENCIAS CLAVE	TEMPORA LIZACIÓN			GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
		1ª	2ª	3ª		
HFB1.1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas	.CCL	X	X	X	O establecido no perfil da CCL para as seguintes rúbricas: HF-R1-CCL-EE-2B HF-R3-CCL-CE-2B	Comentario de texto
HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CC 	X	X	X	O establecido no perfil da CCL para as seguintes rúbricas: HF-R1-CCL-EE-2B	Comentario de texto

relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.					HF-R3-CCL-CE-2B	
HFB1.1.3. Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL 	X	X	X	O establecido no perfil da CAA para a rúbrica: HF-R5-CAA-2B	Dentro do comentario de texto, o apartado dedicado á opinión crítica e persoal.
HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE 	X	X	X	O establecido no perfil da CCL para as seguintes rúbricas: HF-R1-CCL-EE-2B HF-R2-CCL-EO-2B HF-R3-CCL-CE-2B HF-R4-CCL-CO-2B	Pequenas disertacións escritas sobre distintos temas que explica oralmente.
HFB1.2.2. Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións e valora a diversidade de ideas e á vez, apoiándose nos aspectos comúns	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	X	X	X	O establecido no perfil da CSC para a seguinte rúbrica: HF-R6-CSC-2B	Debates en pequenos grupos
HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumo dos seus contidos fundamentais, e clasifícaa nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política	.CAA	X	X	X	O establecido no perfil da CAA para a seguinte rúbrica: HF-R5-CAA-2B	Elaboración de mapas conceptuais ou esquemas.
HFB1.3.2. Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organízalos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles para a comprensión da filosofía do autor, e aplícaa con rigor.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL 	X	X	X	O establecido no perfil da CAA para a seguinte rúbrica: HF-R5-CAA-2B	Realización dalgún esquema ou mapa conceptual,
HFB1.3.3. Selecciona información de distintas fontes, bibliográficas e de internet, e recoñece as fontes fiables.	.CD	X	X	X	Sabe usar bibliografía e algunhas páxinas de filosofía de internet.	Pequenas disertacións escritas sobre distintos temas.
§ HFB1.3.4. Realiza redaccións ou disertacións, traballos					É capaz de ter unha opinión persoal dos principais problemas filosóficos	Pequenas disertacións escritas sobre distintos temas.

de investigación e proxectos que impliquen un esforzo creativo e unha valoración persoal dos problemas filosóficos formulados na historia da filosofía.	.CSIEE	X	X	X	tratados.	
HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. (wikis, blogs, redes sociais, procesador de textos, presentación de diapositivas ou recursos multimedia, etc.) para o desenvolvemento dos traballos.	-CD	X	X	X	Sabe usar bibliografía e algunhas páxinas de filosofía de internet.	Pequenas disertacións escritas sobre distintos temas.
HFB1.4.2. Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación, e decide os conceptos adecuados.	.CD	X	X	X	É capaz de buscar información correcta en internet.	Pequenas disertacións escritas sobre distintos temas.
HFB1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación	.CD	X	X	X	É capaz de traballar en grupo	Traballo de grupo
HFB2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mimese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplícaos con rigor.	.CCL	X			Coñece os conceptos básicos da filosofía platónica: idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, doxa, episteme, dualismo, dualismo, reminiscencia, transmigración	Proba escrita
HFB2.1.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a	.CCL	X			Entende e explica con claridade as teorías fundamentais da filosofía de Platón	Proba escrita

concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude.					
HFB2.1.3. Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón.	.CAA	X		Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais de Sócrates e o relativismo moral dos sofistas.	Proba escrita
HFB2.1.4. Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación.	.CSC	X		Entende a importancia da filosofía de Platón na filosofía antiga.	Proba escrita
HFB2.2.1. Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, abstracción, alma, monismo, felicidade e virtude, entre outros	.CCL	X		Entende os conceptos fundamentais do pensamento aristotélico, como substancia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, alma, felicidade e virtude.	Proba escrita
HFB2.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de				Entende as teorías fundamentais de Aristóteles: a metafísica, a física, e a ética.	Proba escrita

IES RAMÓN CABANILLAS CAMBADOS
DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA
PROGRAMACIÓN CURSO 2022-23

Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética eudemonística e a política, en comparación coas teorías de Platón.	.CCL	X			
HFB2.2.3. Describe as respostas da física de Demócrito, identificando os problemas da filosofía antiga, e relaciona esas respostas coas solucións achegadas por Aristóteles.	.CAA	X		É capaz de comparar a física de Demócrito coa filosofía aristotélica da natureza.	Proba escrita.
HFB2.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvemento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións.	.CMCCT	X		Entende a importancia da filosofía aristotélica no pensamento occidental.	Proba escrita.
HFB2.3.1. Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina.	.CMCCT	X		Coñece as principais doutrinas éticas do helenismo e as aportacións da ciencia alexandrina.	Proba escrita.
HFB3.1.1. Explica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona.	.CCEC	X		Coñece as ideas fundamentais de Agostiño de Hipona.	Proba escrita
FB3.2.1. Define conceptos de Tomás de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva e precepto, entre outros, e aplícaos con rigor.	.CCL		X	Coñece os conceptos de Tomás de Aquino: razón, fe, deus, esencia, existencia, lei natural, lei positiva.	Proba escrita.
HFB3.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías				Coñece as teorías fundamentais de Tomás de Aquino: relación razón e fe, demostración da existencia de Deus e lei moral.	Proba escrita.

fundamentais da filosofía de Tomé de Aquino, distinguindo a relación entre fe e razón, as vías de demostración da existencia de Deus, e a lei moral, en comparación coas teorías da filosofía Antiga.	.CCL		X		
HFB3.2.3. Discrimina as respostas do agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, identificando os problemas da filosofía medieval, en relación coas solucións achegadas por Tomé de Aquino.	.CAA		X	Coñece os problemas fundamentais da filosofía medieval.	Proba escrita.
HFB3.2.4. Valora o esforzo da filosofía de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os cambios sociais da Idade Media, xulgando positivamente a universalidade da lei moral.	.CSC		X	Recoñece a importancia de Tomé de Aquino na filosofía medieval.	Proba escrita.
§ HFB3.3.1. Coñece as teses centrais do nominalismo de Guillerme de Ockham e a súa importancia para a entrada na modernidade.	.CCEC		X	Coñece a Guillerme de Ockham e a tese central do nominalismo.	Proba escrita.
HFB4.1.1. Comprende a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana.	.CMCCT		X	Comprende a importancia intelectual do xiro do pensamento científico no Renacemento.	Proba escrita.
HFB4.1.2. Explica as ideas éticopolíticas fundamentais de N. Maquiavelo e compáraas cos sistemas ético-políticos	.CSC		X	Coñece as ideas éticas e políticas fundamentais de Maquiavelo.	Proba escrita.

anteriores					
HFB4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cógito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor.	.CCL		X	Identifica conceptos de Descartes como: razón, certeza, método, dúbida, cógito, idea e substancia.	Proba escrita.
HFB4.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entrecoñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval.	.CCL		X	Comprende e explica as teorías fundamentais da filosofía de Descartes: o problema do método e a concepción dualista da realidade.	Proba escrita.
HFB4.2.3. Identifica os problemas da filosofía moderna e relaciónaos coas solucións aportadas por Descartes.	.CCEC		X	Comprende a relación de Descartes cos problemas da filosofía moderna.	Proba escrita.
HFB4.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Descartes por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana.	.CSC		X	Comprende a importancia da filosofía de Descartes no inicio dun novo tempo na filosofía (a filosofía Moderna)	Proba escrita.
§ HFB4.3.1. Utiliza conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, inmanencia, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade,	.CCL		X	Coñece os conceptos fundamentais da filosofía de Hume como: escepticismo, experiencia, percepción, impresións, ideas, hábito, causa, crenza, sentimento, contrato social e liberdade.	Proba escrita.

felicidade, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor.					
HFB4.3.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica á causalidade e á substancia, e o emotivismo moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno.	.CMCCT		X	Comprende as teorías fundamentais de Hume: coñecemento, crítica aos conceptos de causalidade e substancia e emotivismo moral.	Proba escrita
HFB4.3.3. Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaaas coas solucións aportadas por Hume	.CSC		X	Coñece as ideas centrais do liberalismo político de Locke.	Proba escrita.
HFB4.3.4. Valora o esforzo da filosofía de Hume por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva.	.CSC		X	Recoñece a importancia das aportacións de Hume á filosofía moderna.	Proba escrita.
HFB4.4.1. Comprende os ideais que impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a	.CSC		X	Comprende as ideas fundamentais da Ilustración francesa e do pensamento de Rousseau (teoría do contrato social)	Proba escrita.

defensa do contrato social e a vontade xeral.						
HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízalos con rigor.	.CAA			X	Coñece os conceptos fundamentais de Kant: sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, xuízo a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, liberdade, dignidade, persoa.	Proba escrita.
HFB4.5.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna	.CCL			X	Entende as teorías fundamentais de Kant sobre o coñecemento, a ética e a política.	Proba escrita.
HFB4.5.3. Describe a teoría política de Rousseau, identificando os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas solucións achegadas por Kant.	.CCL			X	Comprende a influencia de Rousseau en Kant.	Proba escrita.
HFB4.5.4. Respecta e razoa o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da	.CSC			X	Comprende a importancia da aportación de Kant á filosofía moderna.	Proba escrita.

Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre as nacións						
HFB5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestructura, superestructura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízalos con rigor.	.CSC			X	Coñece os conceptos fundamentais de Marx: dialéctica, materialismo histórico, alienación, infraestructura, superestructura, medios de produción, loita de clases, traballo.	Proba escrita.
HFB5.1.2. Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo.	.CCL			X	Coñece as teorías fundamentais de Marx: materialismo histórico, humanismo	Proba escrita.
HFB5.1.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx.	.CSC			X	Entende a aportación de Marx á filosofía contemporánea.	Proba escrita.
HFB5.1.4. Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social.	.CSC			X	Valora a filosofía de Marx como un intento de defender a igualdade social.	Proba escrita.
HFB5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora,					Comprende os conceptos fundamentais de Nietzsche: crítica, metáfora, traxedia, xenealoxía, trasvaloración, nihilismo, superhome,	Proba escrita.

convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos con rigor.	.CCL			X	vontade de poder e eterno retorno.	
HFB5.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea.	.CCL			X	Entende as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche: a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a teoría do superhome e a vontade de poder.	Proba escrita.
HFB5.2.3. Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche.	.CCEC			X	É capaz de comprender a influencia de Schopenhauer en Nietzsche.	Proba escrita.
HFB5.2.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade.	.CSC			X	Entende o valor de Nietzsche como crítico da cultura.	Proba escrita.
HFB5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como					Comprende os conceptos fundamentais de Ortega y Gasset: obxectivismo, ciencia, europeización,	Proba escrita.

obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.	.CCL			X	filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, vida, historia, razón, home-masa.	
HFB5.3.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras.	.CCL			X	Comprende as teorías fundamentais de Ortega y Gasset.	Proba escrita.
HFB5.3.3. Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valorao seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia.	.CSC			X	Valora a importancia da filosofía de Ortega y Gasset ao pensamento contemporáneo e á defensa da cultura e da democracia.	Proba escrita.
HFB5.4.1. Identifica conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, enunciado, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e conceptos da filosofía posmoderna, como deconstrución, diferenza, cultura, texto, arte, e	.CSC			X	Coñece os conceptos fundamentais de Habermas: coñecemento, interese, consenso, verdade, comunicación, desigualdade, mundo da vida.	Proba escrita.

comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor.						
HFB5.4.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral comana escrita, as teorías da filosofía de Habermas, distinguindo os intereses do coñecemento e a acción comunicativa, e as teorías fundamentais da posmodernidade, analizando a deconstrución da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación.	.CCL			X	Coñece a teoría da acción comunicativa de Habermas e é capaz de valorala no contexto da filosofía contemporánea.	Proba escrita.
HFB5.4.3. Identifica as respostas da filosofía crítica da escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando os problemas da filosofía contemporánea	.CCL			X	Entende a importancia da escola de Frankfurt na filosofía contemporánea.	Proba escrita.
HFB5.4.4. Estima o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferenza	.CSC			X	Comprende a importancia da filosofía de Habermas para o pensamento contemporáneo, particularmente a súa defensa do diálogo racional.	Proba escrita.
HFB5.4.5. Coñece as teses características do pensamento posmoderno, como a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da	.CSC			X	Coñece as teses fundamentais do pensamento posmoderno, fundamentalmente a crítica á razón ilustrada.	Proba escrita.

existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras.						
HFB5.4.6. Explica e argumenta sobre as principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vixencia.	.CAA .CCL			X	Cofece a importancia de filósofos como Vattimo, Lyotard e Baudrillard.	Proba escrita.

Concrecións metodolóxicas que require a materia

As estratexias metodolóxicas para esta asignatur intentarán que o alumnado comprenda non só as teorías dos distintos movementos e autores, senón tamén as razóns de que en cada momento sexan unhas determinadas cuestións as que predominan. É dicir trataríase de entender o marco intelectual, cultural e social no que xurden as distintas correntes filosóficas. Esta comprensión farase a través das explicacións pertinentes, as lecturas que se consideren necesarias e as tarefas de investigación individuais e colectivas.

Para comprender a vixencia da reflexión filosófica traballaremos e rastreademos as informacións nas que se poña de manifesto a actualidade dos problemas que tratan os filósofos (a reflexión sobre a xustiza, sobre a beleza, sobre a verdade, etc.) que propiciarán debates na aula.

Fundamental será tamén a lectura e análise de textos.

Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

Neste curso non haberá libro de texto. Usaremos apuntamentos preparados polo profesor e os textos máis significativos dos autores que trataremos durante o curso. Para axudar á comprensión serán tamén útiles videos de internet, son moi interesantes os canais de youtube de Daniel Rosende (Unboxing Philosophy) e series como *La aventura del pensamiento*.

Usaremos tamén a prensa para comprobar a vixencia dos problemas que tratan os filósofos.

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Os criterios de avaliación desta asignatura serán os seguintes:

. Avaliaremos a aprendizaxe realizada no día a día a través dos diversos exercicios que o alumnado

vaia realizando, no que terá especial importancia a lectura e interpretación de textos, as pequenas

disertacións escritas nas que se poña de manifesto a capacidade de argumentación, os esquemas

ou mapas conceptuais e o traballo realizado en grupo. A avaliación de todas estas actividades

realizadas de xeito cotiá, significará o 30% da nota.

. Faremos cada trimestre probas escritas nas que o alumnado terá que demostrar a asimilación

dos conceptos e competencias traballados durante o curso. Estas probas significarán o 70% da

nota. Nestes exames terase en conta: os coñecementos obxectivos que a proba pide demostrar, a

coherencia argumentativa e a corrección gramatical e sintáctica.

. Ata un 0,30 % da nota poderá mermarse por erros ortográficos e compositivos

. Para aprobar o trimestre será preciso obter un 5 de nota media.

. Haberá unha proba extraordinaria e poderá, se se considera necesario, realizarse unha proba final

de recuperación (antes da extraordinaria)

. En cada un destes exames (final e extraordinario) teremos en conta os mesmos parámetros que expuxemos antes, é dicir, a demostración dos coñecementos que se piden,

a coherencia argumentativa e a corrección gramatical e sintáctica. Estas probas de recuperación

servirán ao alumnado que así o desexe para subir nota (salvo o exame de setembro).

Indicadores de logro para avaliar o proceso e a práctica docente

A avaliación do proceso e da práctica docente ten unha dobre dimensión, por unha parte as conclusións que o propio profesor debe obter a partir dos resultados dos exames e traballos que van facendo os alumno/as ao longo do curso, así como do diálogo establecido na aula e que pon de manifesto as dificultades que se van atopando. Por outra banda hai que facer unha reflexión no departamento sobre como se vai desenvolvendo a programación para ir adaptándoa á realidade da práctica docente. Esta adaptación pode referirse ao nivel de esixencia que se pide ao alumnado, á necesidade de reforzar determinadas competencias (por exemplo a capacidade de comprensión lectora ou de expresión escrita) ou á temporalización dos contidos e estándares que se propoñen na programación.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para superar 2º de bacharelato hai que ter todas as materias aprobadas.

Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non é de aplicación

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

O alumnado de 2º de bacharelato xa é coñecido, en xeneral, polo profesorado e polo tanto non é necesaria unha avaliación inicial exhaustiva. Os alumnos e alumnas que teñan a filosofía de 1º suspensa terán xa unha atención individualizada de cara á recuperación da materia. Para todo o grupo realizarase un cuestionario ao inicio do curso no que se preguntará polos coñecementos sobre filósofos e sobre os problemas máis importantes tratados por eles. A partir dos resultados obtidos iniciaremos o tratamento dos distintos estándares de aprendizaxe.

Medidas de atención á diversidade

O sistema educativo debe procurar ofrecer ao alumnado a axuda pedagóxica que necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. No bacharelato non hai tanta diversidade coma na ESO, pois normalmente os alumno/as con máis dificultades non acceden ao bacharelato e ademais a posibilidade de elección de modalidades e optativas posibilita que o propio alumnado escolla aquelas asignaturas que se adaptan mellor aos seus intereses e capacidades.

Trataremos de descubrir estas dificultades que poden ter as nosas alumnas e alumnos e de poñerlles remedio buscando explicacións axeitadas ao seu estilo cognitivo e exercicios que axuden a superar as dificultades (buscando exemplos concretos, se a temática é demasiado abstracta, ou pedindo máis esquemas se hai problemas de coherencia e organización). En definitiva, as actividades constitúen un instrumento fundamental de atención á diversidade. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación, como dixemos, ás diversas capacidades, intereses e motivacións.

Concreción dos elementos transversais que se traballarán

A asignatura de Historia da Filosofía é sumamente propicia para traballar a comprensión lectora e a expresión escrita. Parte fundamental do traballo será a análise de textos e a elaboración de comentarios e disertacións escritas. Os estándares HFB1.1.1 , HFB1.1.2 , HFB1.1.3 , HFB1.2.1 , HFB1.2.2 son os que indican como se atenderán estes elementos transversais.

A reflexión que ao longo do curso se ten que facer sobre os conceptos de lei, xustiza, ben moral, etc. propiciará o debate sobre a evolución que estes conceptos experimentan ao longo do tempo e sobre cal é o seu significado na actualidade, relacionandoos cos DD HH e a súa implantación na sociedade actual. A lectura da prensa e a atención á actualidade ao longo de todo o curso propiciará o desenvolvemento dos elementos transversais relacionados coa promoción da igualdade de xénero e a loita contra calquera tipo de discriminación e inxustiza.

Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso

Nun principio non hai pensada ningunha actividade complementaria ou extraescolar por parte do Departamento. Se ao longo do curso xorde a oportunidade de participar nalgunha actividade interesante para o noso alumnado propoñerémola.

Por outra banda participaremos no que poidamos nas actividades propostas polo Instituto.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Para realizar esta tarefa propoñemos as seguintes medidas:

- . Avaliación inicial en cada grupo no primeiro trimestre
- . Valoración por parte do Departamento dos resultados trimestrais: análise dos resultados e das posibles causas dos problemas que se advirtan. Proposta de medidas para intentar solucionar os problemas
- . Recoller na programación o cumprimento da temporalización de cada unidade didáctica e os problemas atopados para o seu cumprimento completo

- . Recoller na memoria de fin de curso os resultados da avaliación do alumnado por materias e cursos e realizar unha valoración para intentar mellorar o curso seguinte

ANÁLISE CRÍTICA TEXTUAL E AUDIOVISUAL 2º BACHARELATO

Introdución e contextualización

Esta asignatura de **Análise crítica textual e audiovisual** pretende desenvolver no alumnado as competencias que lles permitan analizar e interpretar as mensaxes ás que, en diversos formatos, poden acceder. Trataríase de reforzar o labor que desde outras asignaturas se realiza na análise e interpretación de textos de toda índole (ensaio, ficción, xornalismo, etc.) e de prestar unha especial atención ás mensaxes audiovisuais que son agora as predominantes na vida do noso alumnado.

Nesta análise pretendemos estimular a capacidade crítica dos nosos alumnos e alumnas, superando a actitude de meros consumidores pasivos de información e entretemento. Vivimos nunha época na que podemos acceder a unha cantidade inxente de información, de publicidade, de imaxes, de contidos culturais diversos, pero carecemos moitas veces dun criterio que nos permita interpretala e valorala axeitadamente. Trataríase de dotar aos estudantes de ferramentas para discriminar o realmente valioso do que non o é.

Debemos tamén reflexionar sobre que efectos producen os diversos contidos culturais sobre a cidadanía, como inflúen nos nosos gustos, na nosa visión do mundo, na nosa interpretación da realidade. Tendo clara esta influencia podemos desenvolver estratexias que rescaten a nosa autonomía como cidadáns. Para iso é imprescindible, de novo, espertar o noso espírito crítico e desenvolver competencias que nos permitan, como ben dixo Kant, pensar por nós mesmos.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A nomenclatura utilizada será a seguinte:

- AC- Análise crítica
- R- Rúbrica (o número que acompaña a rúbrica indícanos de que rúbrica se trata)
- CCL- Competencia comunicación lingüística
- EE- Expresión escrita
- EO- Expresión oral
- CE- Comprensión escrita
- CO- Comprensión oral
- CAA- Competencia aprender a aprender
- CSC- Competencia social e cidadá
- CMCCT- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- CD- Competencia dixital
- CSIEE- Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- CCEC- Competencia en conciencia e expresión cultural
- 2B- 2º Bacharelato

As competencias en comunicación lingüística, aprender a aprender, social e cidadá avaliaranse mediante rúbricas. O grao mínimo que terá que acadar o alumnado para considerar que domina dita competencia será de seis puntos dos doce posibles.

10.2.1-PERFIL DA COMPETENCIA COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL) 2ºB

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
ACB1.1.2	Le e analiza fragmentos de distintos tipos de ensaio apreciando as diferenzas temáticas e de estilo entre uns e outros
ACB3.2.2	ACB3.2.2 Le e analiza exemplos de crónicas e de reportaxes sobre temas de actualidade

RÚBRICAS PARA AVIALAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

EXPRESIÓN ESCRITA

AC-R1-CCL-EE-2B				
ASPECTOS	0	1	2	3
Corrección formal	- presenta moitas faltas de ortografía e acentuación - presentación nin limpa, nin clara, nin ordenada - insuficiente para avaliar	- presenta bastantes faltas de ortografía e acentuación - presentación pouco limpa, clara e ordenada	- presenta algúns erros leves de ortografía e/ou acentuación - presentación bastante limpa, clara e ordenada	- non presenta faltas de ortografía nin de acentuación - presentación limpa, clara e ordenada
Coherencia e cohesión	- os problemas de coherencia afectan a comunicación - ausencia ou mal uso dos conectores - insuficiente para avaliar	- os problemas de coherencia non afectan a comunicación - bastantes erros no uso dos conectores	- a información ten pouco erros de estrutura - emprega axeitadamente os conectores pero de xeito repetitivo	- a información está ben estruturada en oracións e parágrafos - emprega correctamente os conectores
Riqueza e corrección gramatical	- usa estruturas morfosintácticas incorrectas case sempre - insuficiente para avaliar	- usa estruturas morfosintácticas e elementos morfolóxicos limitados, con erros frecuentes	- usa estruturas morfosintácticas variadas, con erros menores que non impiden a comprensión	- usa estruturas morfosintácticas moi variadas, case sen erros
Riqueza Léxica (vocabulario)	- vocabulario moi básico, repetitivo - comete moitas incorreccións e imprecisións - insuficiente para avaliar	- emprega vocabulario limitado - presenta algunhas incorreccións e imprecisións no léxico	- emprega vocabulario preciso pero pouco variado - incorpora parte do léxico aprendido - as incorreccións son escasas	- emprega vocabulario preciso e variado - incorpora o léxico aprendido

EXPRESIÓN ORAL

AC- R2-CCL-EO-2B				
ASPECTOS	0	1	2	3
Expresión Formal	- pronunciación e entoación moi deficiente - carece de linguaxe non verbal - Insuficiente para avaliar	- pronunciación e entoación deficiente - linguaxe non verbal escasa	- a pronunciación e entoación é aceptable - linguaxe non verbal axeitada	- boa pronunciación e entoación - linguaxe non verbal destacable
Coherencia e cohesión	- os problemas de coherencia afectan a comunicación - ausencias ou mal uso dos conectores - insuficiente para avaliar	- os problemas de coherencia non afectan a comunicación - bastantes erros no uso de conectores	- a información ten poucos erros de estrutura - emprega adecuadamente os conectores pero de xeito repetitivo	- a información está ben estruturada en oracións e parágrafos - emprega correctamente os conectores

Riqueza e corrección gramatical	- estruturas morfosintácticas son incorrectas na súa maioría - Insuficiente para avaliar	- utiliza estruturas morfosintácticas e elementos morfolóxicos limitados, con erros frecuentes	- utiliza estruturas morfosintácticas variadas con erros menores que non impiden a comprensión	- utiliza estruturas morfosintácticas moi variadas, case sen erros
Riqueza Léxica (vocabulario)	- vocabulario moi básico, repetitivo - con moitas incorreccións e imprecisións - insuficiente para avaliar	- emprega vocabulario limitado - presenta algunhas incorreccións e imprecisións no léxico	- emprega vocabulario preciso pero pouco variado - incorpora parte do léxico aprendido - as incorreccións son escasas	- emprega vocabulario preciso e variado - incorpora o léxico aprendido

COMPRESIÓN ESCRITA

AC-R3-CCL-CE-2B				
ASPECTOS	0	1	2	3
Comprensión xeral do texto	Cústalle distinguir entre ideas importantes e secundarias dun texto	Recoñece a idea principal do texto e algunhas secundarias, mais deixa outras que poderían completar o sentido xeral do mesmo	Recoñece a idea principal dun texto, pero cústalle construír un enunciado que logre sintetizar, concretar ou precisar o sentido do texto	Recoñece o tema xeral e a mensaxe do texto. Constrúe enunciados que sintetizan, concretan e precisan o sentido do mesmo
Vocabulario	Descoñece moitas palabras e non mostra interese por coñecelas	Descoñece algunhas palabras e cústalle empregalas noutros contextos	Descoñece poucas palabras pero pregunta polo seu significado e úsaas noutros contextos	Coñece e emprega todo o vocabulario de lectura
Tipoloxía textual	Interpreta deficientemente o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.	Interpreta con suficiente corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.	Interpreta con bastante corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.	Interpreta con moita corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios, etc.
Resumo do texto	Manifesta unha gran dificultade en resumir o texto	É capaz de resumir partes do texto con precisión, pero manifesta algo de incompreensión	É capaz de recoller as ideas máis relevantes do texto e mestúraas con algunhas superfluas	É capaz de recoller as ideas máis relevantes do texto desbotando as superfluas e evitando os detalles

COMPRESIÓN ORAL

AC-R4-CCL-CO-2B				
ASPECTOS	0	1	2	3
Atención	Distráese constantemente durante calquera explicación ou audición	Distráese ocasionalmente	Normalmente presta atención e non se distrae durante a explicación ou audición	Presta atención constantemente durante a explicación ou audición
Comprensión	Non recoñece sen axuda a idea xeral. Cústalle recoñecer as ideas principais e secundarias	Recoñece a idea xeral pero faltan bastantes datos relevantes nunha explicación ou texto oral. Distingue as ideas principais e en gran medida as secundarias	Recoñece a idea xeral pero falta algún dato relevante nunha explicación ou texto oral. Distingue as ideas principais das secundarias	Recoñece a idea xeral e os datos máis relevantes nunha explicación ou texto oral. Distingue as ideas principais e as secundarias
Aspectos prosódicos	Cústalle recoñecer a	Con frecuencia	Case sempre recoñece	Recoñece a

	importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal	recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal	a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal	importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal
Respecto as normas	Non respecta as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio	Soe respectar as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio	Respecta habitualmente as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio	Respecta sempre as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento de linguaxe discriminatorio

10.2.2- PERFIL DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER (CAA)

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
ACB4.5.1	Comprende as posibilidades que as novas tecnoloxías ofrecen para que se poida documentar a realidade

RÚBRICA PARA AVALIAR A COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER (CAA)

AC-R5-CAA-2B				
ASPECTOS	0	1	2	3
Esforo e perseverancia	Non se esforza nada. Non se autovalía nunca	- Esfórzase pouco - Autoavaliase ocasionalmente	- Esfórzase - Autoavaliase regularmente	- Esfórzase moito - Autoavaliase correctamente
Adquirir confianza en sí mesmo e interés por aprender	- Non participa - Non presta atención - Non ten iniciativa	- Pouca participación - Pouca atención - Pouca iniciativa	- Participa bastante - Normalmente presta atención - Ten bastante iniciativa	- Participa activamente - Presta atención sempre - Ten iniciativa
Estratexias para resolver tarefas/problemas	- Non é capaz de identificar as demandas de aprendizaxe dunha tarefa	- Só ás veces é capaz de identificar as demandas de aprendizaxe dunha tarefa	- Case sempre é capaz de identificar as demandas de aprendizaxe dunha tarefa	- Sempre identifica as demandas de aprendizaxe dunha tarefa
Xestión e contro da súa propia aprendizaxe	- Non planifica nin organiza actividades nin tempos	- De cando en vez planifica e organiza actividades e tempos	-Case sempre planifica e organiza actividades e tempos	-Sempre planifica e organiza actividades e tempos

10.2.3- PERFIL DA COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ (CSC)

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
ACB4.5.3	ACB4.5.3 Realiza en grupo un documental sobre algún aspecto relevante do seu entorno utilizando o móbil

RÚBRICA PARA AVALIAR A COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ (TRABALLO EN GRUPO)

AC-R6-CSC-1B				
ASPECTOS	0	1	2	3
Traballando con outros	Raramente escoita, comparte e apoia o	Ás veces escoita, comparte e apoia o	Usualmente escoita, comparte e apoia o	Escoita practicamente sempre, comparte e

	esforzo doutros.	esforzo doutros.	esforzo doutros.	apoia o esforzo doutros. Trata de manter a unión dos membros
Contribucións	Rara vez proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase.	Algunhas veces proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase	Polo xeral, proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase.	Proporciona sempre ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase.
Manexo do tempo	Nunca entrega o seu traballo a tempo e o grupo ten que modificar as datas ou prazos	Moitas veces entrega o seu traballo fóra de prazo e o grupo ten que modificar as datas ou prazos	En ocasións retrasase na entrega do seu traballo a tempo aínda que o grupo non ten que modificar as datas ou prazos	Sempre entrega o seu traballo á tempo e o grupo non ten que modificar as datas ou prazos
Resolución de conflitos	- Non trata de resolver os problemas nin axuda a outros a resolvelos. - Deixa que outros fagan o traballo	- Non suxire solucións, pero está disposto a tratar solucións propostas por outros	- Case sempre busca e suxire solución aos problemas	- Sempre busca e suxire aos problemas

Neste curso é posible que non se poida traballar en grupo do xeito acostumado durante todo o período lectivo. Deixamos esta rúbrica na programación á espera de que a situación epidémica permita a interacción habitual entre o alumnado.

10.2.4- PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA E CIENCIA E TECNOLOXÍA

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
ACB4.5.1	. Comprende as posibilidades que as novas tecnoloxías ofrecen para que se poida documentar a realidade

10.2.5- PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
ACB4.4.1	Reflexiona sobre os distintos medios de difusión dos documentais. Valora a importancia de internet como plataforma de difusión de documentais e as súas posibilidades educadoras e informativas para a maioría da poboación

10.2.6- PERFIL DA COMPETEN. EN SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
ACB3.2.1	Investiga sobre cales son os problemas que o xornalismo ten na actualidade: precariedade, falta de autonomía dos medios, etc. reflexionando sobre se estes problemas afectan á posibilidade de desenvolver un xornalismo de investigación e de profundidade

10.2.7- PERFIL DA COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL

CLAVES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
ACB2.1.2	Comprende o valor do ensaio como cauce de expresión do pensamento crítico

Concreción dos obxectivos para cada curso

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPE TENCIAS CLAVE	TEMPORAL IZACIÓN			GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
		1º	2º	3º		
.ACB1.1 Aprende a definir o que é un ensaio	.CCL	X			Aprende a definir o que é un ensaio	Exercicios de clase
. ACB1.1.1Distingue os distintos tipos de ensaio que existen: literario, filosófico, científico, etc.	.CCL .CCEC	X			Distingue os distintos tipos de ensaio que existen: literario, filosófico, científico, etc.	Exercicios de clase
. ACB1.1.2Le e analiza fragmentos de distintos tipos de ensaio apreciando as diferenzas temáticas e de estilo entre uns e outros	.CCL	X	X	X	O establecido no perfil CL nas seguintes rúbricas: AC-R1-CCL-EE-2B AC-R2-CCL-EO-2B AC-R3-CCL-CE-2B AC-R4-CCL-CO-2B	Exercicios de clase
. ACB1.1.3Analiza a estrutura clásica dun	.CCL					Exercicios de clase

ensaio: introdución, desenvolvemento, conclusión	.CAA	X				
.ACB2.1.1 Investiga sobre outros modelos de ensaio de estrutura máis libre	.CAA .CSIEE	X				Exercicios de clase
.ACB2.1.2 Comprende o valor do ensaio como cauce de expresión do pensamento crítico	.CCEC	X				Exercicios de clase
.ACB2.2.1 Define o que é a ideoloxía e sinala exemplos nos que se manifieste. Reflexiona sobre a importancia da análise crítica para poñer de manifesto o poder das ideoloxías dominantes	.CSC .CCEC	X				Exercicios de clase
.ACB2.2.2 Escribe unha disertación ou un pequeno ensaio sobre un tema de actualidade procurando desenvolver a crítica rigorosa e a claridade expositiva	.CCL	X			Escribe unha disertación ou un pequeno ensaio sobre un tema de actualidade	Exercicios de clase
.ACB3.1.1 Sabe definir o que é unha crónica e unha reportaxe	.CCL	X			Sabe definir o que é unha crónica e unha reportaxe	Exercicios de clase
.ACB3.1.2 Comprende a importancia da crónica e da reportaxe de profundidade como instrumentos de análise da realidade máis alá das noticias do día ao día	.CSC .CCEC		X		Comprende a importancia da crónica e da reportaxe de profundidade como instrumentos de análise	Exercicios de clase
.ACB3.2.1 Investiga sobre cales son os problemas que o xornalismo ten na actualidade: precariedade, falta de autonomía dos medios, etc. reflexionando	.CSIEE .CAA		X		Investiga sobre cales son os problemas que o xornalismo ten na actualidade: precariedade, falta de autonomía dos medios, etc.	Exercicios de clase

sobre se estes problemas afectan á posibilidade de desenvolver un xornalismo de investigación e de profundidade						
.ACB3.2.2 Le e analiza exemplos de crónicas e de reportaxes sobre temas de actualidade	.CCL	X	X	X	O establecido no perfil CL nas seguintes rúbricas: AC-R1-CCL-EE-2B AC-R2-CCL-EO-2B AC-R3-CCL-CE-2B AC-R4-CCL-CO-2B	Exercicios de clase
.ACB3.3.1 Analiza a estrutura dunha reportaxe	.CCL		X		Analiza a estrutura dunha reportaxe	Exercicios de clase
.ACB3.4.1 Realiza en grupo un traballo de investigación e escribe unha crónica ou reportaxe sobre un tema cercano	.CCL .CAA		X		Realiza en grupo un traballo de investigación e escribe unha crónica ou reportaxe sobre un tema cercano	Traballo en grupo
.ACB4.1.1 Define o que é un documental	.CCL		X		Define o que é un documental	Exercicios de clase
.ACB4.1.2 Sabe distinguir os distintos tipos de documental: históricos, de actualidade, de divulgación científica, etc.	.CCEC .CSC		X		Sabe distinguir os distintos tipos de documental	Exercicios de clase
.ACB4.2.1 Investiga a perspectiva histórica que afecta ao documental	.CAA .CSC .CCEC		X		Investiga a perspectiva histórica que afecta ao documental	Exercicios de clase
.ACB4.3.1 Reflexiona sobre os distintos medios de difusión dos documentais. Valora a importancia de internet como plataforma de difusión de documentais e as súas posibilidades educadoras e	.CD .CCEC		X		Valora a importancia de internet como plataforma de difusión de documentais e as súas posibilidades educadoras e informativas para a maioría da poboación	Exercicios de clase

informativas para a maioría da poboación						
.ACB4.4.1 Reflexiona sobre as funcións que pode cumprir o documental para proporcionar información á sociedade	.CSC			X	Reflexiona sobre as funcións que pode cumprir o documental para proporcionar información á sociedade	Exercicios de clase
.ACB4.4.2 Investiga sobre posibles casos de documentais que conseguiron cambiar a percepción da opinión pública sobre un problema, sacar á luz realidades ocultas ou poñer de manifesto abusos de poder	.CSC			X	Investiga sobre posibles casos de documentais que conseguiron cambiar a percepción da opinión pública sobre un problema	Exercicios de clase
.ACB4.5.1 Comprende as posibilidades que as novas tecnoloxías ofrecen para que se poida documentar a realidade	.CE .CMCCT	X	X	X	O establecido no perfil CAA nas seguintes rúbricas: AC-R5-CAA-2B	Exercicios de clase
.ACB4.5.2 Investiga as plataformas de internet nas que se poden atopar documentais	.CD			X	Investiga as plataformas de internet nas que se poden atopar documentais	Exercicios de clase
.ACB4.5.3 Realiza en grupo un documental sobre algún aspecto relevante do seu entorno utilizando o móbil	.CAA .CSIEE	X	X	X	O establecido no perfil CSC nas seguintes rúbricas: AC-R6-CSC-2B	Traballo en grupo

Concrecións metodolóxicas que require a materia

A metodoloxía desta asignatura será eminentemente práctica, activa e participativa, favorecendo o traballo individual e colectivo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e competencias correspondentes.

Os contidos teóricos estarán sempre orientados a facilitar o manexo dos documentos escritos e audiovisuais e a desenvolver o pensamento autónomo e crítico. Trátase de aprender a ver, a escoitar, a ler, a interpretar e a pensar. Aprenderemos tamén a escribir, a desenvolver as propias ideas, a investigar o mundo que nos rodea e a transmitir o froito desa investigación, tanto individual como colectivamente.

Materiais e recursos didácticos que se van utilizar

Usaremos os materiais e recursos didácticos que preparemos no departamento, posto que, ao ser unha materia de libre configuración do centro, non hai materiais dispoñibles baixo tal denominación. Usaremos os documentos escritos e audiovisuais que atopemos máis axeitados para traballar os distintos estándares de aprendizaxe.

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Avaliaremos a aprendizaxe realizada no día a día a través dos diversos exercicios que o alumnado

vaia realizando, tanto individualmente como en grupo. Serán tarefas moi diversas, desde contestar preguntas a resolver casos prácticos, tamén ler e interpretar textos, debater na aula, realizar traballos en grupo, describir as propias opinións, realizar tarefas creativas como inventar historias ou cómics, etc. Na avaliación destas tarefas terase en conta a adecuación ao traballo que se pide, a corrección gramatical e sintáctica, a limpeza e o cumprimento dos prazos de entrega de cada tarefa.

Se o alumno ou alumna non chega a ter un cinco na avaliación poderá recuperar mediante a entrega dos traballos que non fixo ou que fixo mal ou ben facer un exame no que se demostre que asimilou os contidos traballados ao longo do trimestre. Ao final do curso haberá a opción de realizar un exame final para aqueles que non conseguiran chegar ao aprobado. Para poder realizar este exame a alumna ou alumno debe ter entregado polo menos o 50 % dos exercicios pedidos durante o curso.

Se en xuño o alumno ou alumna non consegue obter un cinco poderá presentarse ao exame extraordinario de setembro. Nesta proba deberá contestar ás cuestións tratadas durante o curso e obter un cinco.

Indicadores de logro para avaliar o proceso e a práctica docente

A avaliación do proceso e da práctica docente ten unha dobre dimensión, por unha parte as conclusións que o propio profesor debe obter a partir dos resultados dos exames e traballos que van facendo os alumno/as ao longo do curso, así como do diálogo establecido na aula e que pon de manifesto as dificultades que se van atopando. Por outra banda hai que facer unha reflexión no departamento sobre como se vai desenvolvendo a programación para ir adaptándoa á realidade da práctica docente. Esta adaptación pode referirse ao nivel de esixencia que se pide ao alumnado, á necesidade de reforzar determinadas competencias (por exemplo a capacidade de comprensión lectora ou de expresión escrita) ou á temporalización dos contidos e estándares que se propoñen na programación. Antes de empezar o curso é xa case necesario pensar que esta temporalización vai precisar unha readaptación, pois é imposible realizar un traballo de comprensión e asimilación correcto nos tempos que teríamos que empregar para cumprir con toda a programación. Creo que isto é responsabilidade da administración que nos propón uns currículos imposibles.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non é de aplicación

Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non é de aplicación

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Ao ser unha asignatura con moi pouco alumnado e eminentemente práctica, non se fará avaliación inicial e irase adaptando o traballo diario na aula ás necesidades educativas dos alumnos.

Medidas de atención á diversidade

O sistema educativo debe procurar ofrecer ao alumnado a axuda pedagóxica que necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. No bacharelato non hai tanta diversidade coma na ESO, pois normalmente os alumno/as con máis dificultades non acceden ao bacharelato e ademais a posibilidade de elección de modalidades e optativas posibilita que o propio alumnado escolla aquelas asignaturas que se adaptan mellor aos seus intereses e capacidades.

Trataremos de descubrir estas dificultades que poden ter as nosas alumnas e alumnos e de poñerlles remedio buscando explicacións axeitadas ao seu estilo cognitivo e exercicios que axuden a superar as dificultades (buscando exemplos concretos, se a temática é demasiado abstracta, ou pedindo máis esquemas se hai problemas de coherencia e organización). En definitiva, as actividades constitúen un instrumento fundamental de atención á diversidade. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación, como dixemos, ás diversas capacidades, intereses e motivacións.

Concreción dos elementos transversais que se traballarán

A asignatura de Análise Crítica textual e audiovisual é sumamente propicia para traballar a comprensión lectora e a expresión escrita.

A lectura da prensa e a atención á actualidade ao longo de todo o curso propiciará o desenvolvemento dos elementos transversais relacionados coa promoción da igualdade de xénero e a loita contra calquera tipo de discriminación e inxustiza. Fomenta tamén a formación dunha cidadanía crítica e reflexiva que saiba interpretar mellor o mundo no que vive.

Incide na valoración das distintas expresións culturais como canle de desenvolvemento individual e colectivo, aprendendo a coñecer e apreciar todos os elementos da nosa cultura.

Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso

Nun principio non hai pensada ningunha actividade complementaria ou extraescolar por parte do Departamento. Se ao longo do curso xorde a oportunidade de participar nalgunha actividade interesante para o noso alumnado propoñerémola.

Por outra banda participaremos no que poidamos nas actividades propostas polo Instituto.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Para realizar esta tarefa propoñemos as seguintes medidas:

- . Avaliación inicial en cada grupo no primeiro trimestre
- . Valoración por parte do Departamento dos resultados trimestrais: análise dos resultados e das posibles causas dos problemas que se advirtan. Proposta de medidas para intentar solucionar os problemas
- . Recoller na programación o cumprimento da temporalización de cada unidade didáctica e os problemas atopados para o seu cumprimento completo
- . Recoller na memoria de fin de curso os resultados da avaliación do alumnado por materias e cursos e realizar unha valoración para intentar mellorar o curso seguinte

EN CAMBADOS A 20 DE SETEMBRO DE 2022

TOBÍAS BETANZOS REGO
RESPONSABLE DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA